

Construíndo
Alternativa

PROGRAMA

Outra política é posíbel

ESQUERDA UNIDA

A
CORUÑA



esquerda unida



EIXO A: DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E CREACIÓN DE EMPREGO.....3

1. Por unha Coruña xeradora de emprego e riqueza

- 1.1 Desenvolvemento económico
- 1.2 Servizo Integral de Apoio Municipal a Emprendedores (SIAME).
- 1.3 Plan de Reactivación da Vida nos Barrios.
- 1.4 A Coruña solidaria cos cidadáns en paro
- 1.5 Políticas activas de emprego
- 1.6 Emprego público
- 1.7 Políticas de emprego para a integración social

2. Máis recursos para un concello máis forte e eficaz

- 2.1 Financiamento local
- 2.2 Empresas públicas
- 2.3 Fomento da Economía Social

3. Servizo Integral de Apoio Municipal a Emprendedores (SIAME)

4.- Plan de Reactivación da Vida nos Barrios

EIXO B: A CORUÑA DEMOCRÁTICA E PARITIPATIVA.....9

1. Democracia participativa e políticas de participación

- 1.1 Reforma de la Administración Local
- 1.2 Democracia participativa
- 1.3 Orzamentos participativos

2. Loita contra a corrupción

3. Transparencia, ética, austeridade e eficacia na xestión municipal

- 3.1 Transparencia na xestión dos fondos públicos municipais

EIXO C: A CORUÑA CON SERVICIOS PÚBLICOS DE CALIDADE.....15

1. Fortalecemento e defensa do sector público

2. Servizos públicos

- 2.1 Servizos sociais
- 2.2 Educación
- 2.3 Sanidade Pública
- 2.4 Liberdades públicas e seguridade cidadá
- 2.5 Políticas para as persoas maiores
- 2.6 Deporte



EIXO D: DESENVOLVEMENTO LOCAL E MEDIOAMBIENTE.....27

1. Unha cidade habitábel

- 1.1 Planificación urbana
- 1.2 Vivenda
- 1.3 Transporte. Plan Integral de Mobilidade Universal é Sostíbel (PIMUS)
 - 1.3.1 Tren de proximidade

2. Medio ambiente. Obxectivo cidade verde

- 2.1 Calidade do aire
- 2.2 Auga
- 2.3 Residuos
- 2.4 Espazos verdes e biodiversidade

3. Empresa Municipal para Asegurar a Soberanía Alimentaria Coruñesa (EMSAC)

4. Enerxía. Empresa Municipal de Enerxías Renovábeis (EMER)

5. Protección animal

EIXO E: A CORUÑA GARANTE DE IGUALDADE.....	34
1. A Coruña Solidaria	
1.1 Cooperación internacional	
1.2 A Coruña pola paz	
2. Políticas de igualdade e xénero	
2.1 Propostas institucionais e Participación Social das mulleres	
2.2 Aposta por lo público. Acceso ao emprego e igualdade na promoción e no salario	
2.3 Contra a violencia de xénero e a exclusión social	
2.4 Por a incorporación da perspectiva de xénero e a memoria das mulleres	
2.5 Diversidade sexual	
3. Inmigración	
4. Cultura e Recuperación da Memoria Histórica	
5. Políticas para a mocidade	
5.1 Lecer	
5.2 Participación	
5.3 Emprego	
5.4 Saúde e sexualidade	
5.5 Vivenda	
6. Infancia	
7. Persoas con discapacidade	
ANEXO I POR UNHA GALIZA SEN PETRÓLEO.....	46
ANEXO II POR UN FUTURO ECOSOCIALMENTE SUSTENTABLE.....	50
ANEXO III MANIFESTO POR OS ANIMAIS.....	53
ANEXO IV UN PROGRAMA POLA TERRA.....	55
ANEXO V POR UNHA CORUÑA SEN FRONTEIRAS.....	59
ANEXO VI PROMOCIÓN DO USO E PRESTIXIO DO GALEGO.....	60

EIXO A: DESENVOLVEMETO ECONÓMICO E CREACIÓN DE EMPREGO

1. Por unha Coruña xeradora de emprego e riqueza

Atopámonos ante unha crise sistemática cuxa consecuencia máis dramática é a elevación ata niveis inaceptábeis do paro coma consecuencia dun modelo produtivo perverso e das políticas neoliberais desenvolvidas polos Gobernos do PP e do PSOE. Como sucede no Concello da Coruña, desde as súas políticas urbanísticas ata a forma de xestionar as relacións laborais.

Sabemos que as posibilidades concretas de contribuír á creación de emprego desde o Concello son limitadas, máis é necesario e urxente desenvolver medidas destinadas a reactivar a economía local e cambiar o modelo produtivo para xerar riqueza e crear emprego, tamén desde a acción municipal.

Por iso a nosa proposta de traballo céntrase nos seguintes eixos: desenvolvemento económico, políticas activas de emprego, emprego público, plan de choque para os desempregados e desempregadas sen prestacións; políticas activas de igualdade entre mulleres e homes, e políticas de emprego para a integración social das persoas con risco de exclusión.

1.1 Desenvolvemento económico

Entendemos que é necesario un modelo de desenvolvemento no que poñamos ás persoas no centro da economía. O novo modelo que propomos ten un carácter eminentemente social e o seu obxectivo inmediato é equilibrar os conceptos de mercado e Estado, cambiando o modelo produtivo cara outro máis sustentábel e creando emprego estable e de calidade. Por iso propoñemos:

- Promover a redución do uso de enerxía no proceso produtivo, especialmente o consumo de combustíbeis fósiles e recuperar aqueles sectores económicos en risco de desaparecer ou que se extinguiron como actividade produtiva. En moitos casos constitúen unha aposta económica viable, dando prioridade aos sectores primarios e manufactureros. Facilitando a instalación de empresas de transformación dos produtos autóctonos sostibles, contribuíndo á súa revalorización mediante cláusulas de bonificación e axudas directas. A través do Servizo Integral de Apoio Municipal a Emprendedores (SIAME).
- Apoiar a autónomos e PEMES de empresas cuxa actividade teña un carácter sostible.
- Incluír cláusula social nas licitacións das Administracións públicas, priorizando ás pequenas empresas e autónomos locais, dando prioridade ás que xeren máis emprego, de mellor calidade, inserción de mulleres e outros sectores en risco de exclusión laboral/social. Nunha firme aposta polo mantemento e a creación de emprego.
- Fomentar sectores relacionados co I+D+I e as novas tecnoloxías.
- Frear a deslocalización e impedir a especulación do chan industrial impedindo que o terreo industrial pase a terciario ou se transforme en vivendas
- Promover, fomentar e apoiar iniciativas para o uso das novas enerxías a cidade na súa dobre vertente de consumidora de enerxía e como potencial produtora desta. Impulsar as potencialidades enerxéticas de cada zona, co obxectivo de implantar o modelo de produción enerxética de fontes renovables, máis adecuado a cada territorio. Mediante a creación da Empresa Municipal de Enerxías Renovábeis (EMER).
- Plan de Rehabilitación de vivendas para a mellorar a súa eficiencia enerxética
- Potenciar os recursos endóxeos sobre a base dun Plan estratéxico local participativo.
- Fomentar o modelo dos mercados de produtores fronte ao actual modelo de mercado de intermediarios. Promocionar a produción e consumo de produtos naturais ecolóxicos e a agricultura ecolóxica e de proximidade. Fomentar o desenvolvemento da agricultura ecolóxica como saída para o sector investindo en formación, recuperación de variedades, canles curtas de comercialización e todo tipo de accións que faciliten a explotación sostible da nosa terra. Por iso propoñemos a creación da Empresa Municipal para Asegurar a Soberanía Alimentaria Coruñesa (EMASAC).

- Potenciar o turismo sostíbel tomando en consideración as condicións de cada ámbito local, (ambiental, social e económico) co fin de planificar unha estratexia que aglutine os recursos locais, ecolóxicos, culturais, monumentais, artísticos e gastronómicos do municipio pero aberto aos espazos territoriais comarcais máis próximos.
- Fomentar o pequeno comercio local como forma de manter a cohesión social especialmente nos centros das cidades e os barrios, fronte ao das grandes superficies comerciais. A través do Plan de Reactivación da Vida nos Barrios.
- Desenvolver actividades de promoción do comercio xusto, entendendo por tal aquel que comercializa con respecto das condicións dos traballadores, do medio ambiente e da igualdade de xénero. Neste sentido, os produtos que se consuman ou vendan nas dependencias municipais seleccionaranse dando preferencia aos elaborados con criterios de comercio xusto.
- Facer aflorar a economía mergullada. Ampliando as dotacións e os medios dos servizos de xestión, inspección e recadación tributaria local.
- Incluír cláusulas que permitan ao concello participar na negociación colectiva das empresas que xestionen servizos públicos e para asegurar uns dereitos laborais mínimos para os traballadores e traballadoras que desenvolvan servizos a cidadanía.
- Fomentar iniciativas culturais que impulsen o desenvolvemento e o coñecemento do patrimonio cultural, arquitectónico e ambiental da Coruña como elemento xerador de emprego e riqueza.
- Transversalizar as políticas incluíndo a perspectiva de xénero en todas as determinacións que se adopten. É nos momentos de crise económica, cando se debe vixiar con máis atención para que as súas consecuencias negativas non recaian especialmente nas mulleres.

1.2 Servizo Integral de Apoio Municipal a Emprendedores (SIAME)

Cooperativas, autónomos e PEMES cubrirán as necesidades básicas as que se enfrontan na súa primeira etapa. Os únicos requisitos son: dispor dun estudo de viabilidade económica, reducir a dependencia do petróleo na súa actividade e crear emprego estábel e de calidade. Unha taxa que cubra custos de xestión permitirá acceder mediante o uso compartido a oficinas, comunicacións, loxística, servizos administrativos e asesoramento contábel, laboral e tributario. Estimamos 2000 novos empregos.

1.3 Plan de Reactivación da Vida nos Barrios

Propoñemos a recuperación dos espazos públicos e a diversificación cultural para o goce da cidadanía e apoio e promoción ao pequeno comercio para que cubra a demanda dos barrios e así evitar a destrución de centos de postos de traballo.

1.4 A Coruña solidaria cos cidadáns en paro

O Concello debe ser activamente solidario coa situación dos cidadáns en paro e aqueloutros que está sufrindo de xeito máis agudo as consecuencias da crise. Para iso:

- Tomásense as iniciativas necesarias para esixir ao Goberno da nación e ás CC.AA. no marco das súas respectivas competencias, o desenvolvemento dun Plan de Emprego e Formación para os desempregados sen subsidio baseado na creación dun posto de traballo dependente dos concellos (axuda á dependencia, empregos de proximidade, apoio a servizos municipais, etc.) durante 5 horas diarias e 2 horas diarias de formación, durante 6 meses prorrogables e cunha salario 700€ netos.
- Crearase a Comisión de Seguimento da Crise, con participación das forzas políticas e os sindicatos coa misión de coñecer a situación do emprego, o crédito, a vivenda e os servizos sociais, avaliar a evolución da situación de desemprego, desafuzamentos, situacións de pobreza, marxinalidade e deficiencias de cohesión social e propor á Corporación e ás demais Administracións competentes medidas para superar os problemas detectados.
- Exención de taxas na Oferta Pública de Emprego.
- Gratuidade en actividades culturais e de lecer mentres a persoa este desempregada.

1.5 Políticas activas de emprego

Facilitar o acceso ao emprego e á xeración de riqueza a través das seguintes medidas:

- Crear un fondo de investimento local para o emprego.
- Descentralización de parte das políticas de formación ocupacional cara aos municipios, dentro de plans de actuación a nivel comarcal, provincial e autonómico.
- Suscitar a formación ocupacional agraria a parados, mulleres, mocidade e inmigrantes.
- Desenvolver Escolas-Taller e Casas de Oficios como instrumentos de inserción xuvenil, mellora da cualificación profesional e apoio á consecución de patrimonio público.
- Crear bolsas de emprego local con cláusulas sociais sensíbeis ás especiais dificultades e necesidades de determinados colectivos e as persoas que máis o necesiten.
- Impedir a utilización das Empresas de Traballo Temporal.
- Creación de emprego local apoiando o autoemprego, fomentando as actividades laborais no marco da economía social e potenciando os viveiros de empresas.

1.6 Emprego público

Desde a aposta de EU polo sector público, comprometémonos a loitar contra a externalización e privatización dos servizos públicos, apostando pola contratación directa con criterios de transparencia e igualdade e potenciando a representación social nas mesas de contratación.

Desde esta premisa propomos mellorar e ampliar o emprego público:

- Garantir a eficiencia e o desenvolvemento dos servizos públicos, eliminando as subcontratas e asegurando emprego estable e de calidade.
- Ofertas de emprego público periódicas, reguladas e con criterios de inclusión social.
- Promover o emprego público destinado a labores ambientais: restauración, conservación, mantemento e mellora de espazos naturais.
- Rescatar empresas de xestión pública privatizadas, nos casos que sexa posible e xestionar a revisión dos convenios polos que se rexen.
- Reducir a temporalidade desde os instrumentos municipais.
- Recoñecer a xornada de 35 horas sen redución de salario.
- Desenvolver novos servizos públicos que xeren emprego e dean resposta ás necesidades reais da cidadanía.
- Esquerda Unida comprométese a adoptar as medidas necesarias para que os empregados públicos municipais recuperen o poder adquisitivo perdido coas medidas de austeridade impostas polo Goberno central e convalidadas polos Concellos.

1.7 Políticas de emprego para a integración social

Achegar as medidas necesarias para garantir a igualdade de oportunidade e de trato.

- Incluír nos pregos de condicións para a contratación cláusulas que favorezan a integración laboral das mulleres.
- Apoio a iniciativas privadas e de autoemprego que xeren traballo para as mulleres.
- Apoio á creación de Empresas de Inserción, aquelas teñen como obxectivo contribuír á integración social a través do emprego das persoas en risco de exclusión social.
- Fomentar o acceso ao mercado laboral das persoas excluídas ou en risco de exclusión social, a través de itinerarios de inserción integrais.
- Informar á poboación inmigrante sobre as canles existentes de procura de emprego, a través de itinerarios de formación e emprego personalizados.
- Velar polo cumprimento das cotas de inserción de persoas con discapacidade tanto nas empresas locais como nas administracións públicas.
- Crear un banco de tempo municipal de amplo alcance para mobilizar a parados, estudantes, xubilados, etc. Que permita reintegralos a economía

2. Máis recursos para un concello máis forte e eficaz

2.1 Financiamento local

A descentralización do Estado e o seu financiamento seguen sendo un dos temas fundamentais da política española. A administración local xoga un importante papel no proceso de cohesión social, dando resposta de forma permanente ás demandas cidadás e asumindo competencias que son responsabilidade das administracións central ou autonómica.

O pacto local é unha prioridade para o municipalismo de esquerdas e desde EU entendemos que a cidadanía demanda un acordo que debe incluír maiores medios e autonomía financeira, así como a asunción de novas competencias por parte dos concellos que melloren a calidade de vida dos veciños e as veciñas.

Mentres que nos seus discursos o PP e PSOE, coinciden na necesidade de reforzar os mecanismos de financiamento local, ningún fíxoo cando tiña o poder. EU encabezarán a loita cidadá e institucional pola definitiva resolución da permanente precariedade na que se atopan as arcas municipais. Reivindicaremos ante as administracións competentes, resaltando que toda actuación debe levar aparellados os recursos suficientes para exercela con suficiencia. Por iso comprometémonos a dar un carácter reivindicativo e mobilizador á nosa acción municipal.

EU continuará reclamando a reforma das fontes de financiamento local, para garantir a redistribución das rendas e a suficiencia financeira, elementos fundamentais para profundar na democratización das institucións sobre os seguintes eixos fundamentais:

- Desenvolvemento das competencias tributarias municipais, dotándoas de maior autonomía de xestión que permitan introducir mecanismos correctores máis acordes coa realidade territorial e social do municipio. Consideramos fundamental que se compense a substitución do IAE cun imposto que grave o beneficio e non a actividade e en todo caso que a compensación do IAE prometida chegue aos municipios.
- Reforma integral da participación das entidades locais nos ingresos do Estado. Incremento na participación dos Orzamentos Xerais do Estado fixando novos criterios máis equitativos, esixindo que o importe fíxese atendendo á poboación real actualizando os padróns. Propomos acabar co actual sistema dual que prima ás grandes cidades sobre as medianas e pequenas e que valora á cidadanía en función do tamaño da poboación en que reside. Hai que establecer parámetros obxectivos e definir factores compensadores para os municipios con maiores necesidades sociais ou algún tipo de afección territorial. A cantidade que os concellos reciben do Estado debe ser transparente, de fácil cálculo, comprobable e estábel.
- Incremento das transferencias das Comunidades Autónomas, de maneira que se garanta a suficiencia financeira pola asunción de competencias autonómicas. É imprescindible que os municipios sexan autónomos financeiramente; para iso, ademais de valorar adecuadamente os servizos que están sendo asumidos polos concellos, hai que modificar as transferencias destinadas polas Comunidades Autónomas aos municipios de tal forma que sexan incondicionadas, non finalistas.
- Esquerda Unida cre nunha política fiscal progresiva que permita políticas redistributivas, posibilitando a potenciación dos servizos públicos e o tratamento económico diferenciado en función da renda. O actual espazo fiscal municipal permite escasa capacidade de intervención dos gobernos locais, xa que a través das ordenanzas fiscais só é posible establecer tipos impositivos que se aplican sobre parámetros iguais para todas e todos, así como xerar algunhas ou todas as exencións contempladas na lei, exencións que sempre van en detrimento da recadación. No entanto, no marco dos límites existentes, EU tamén desenvolverá unha política de ordenanzas fiscais, taxas e prezos públicos o máis progresiva posible e atenderá as circunstancias persoais e familiares dos máis prexudicados pola crise.

2.1.1 Xestión dos ingresos

Para crear emprego, mellorar e ampliar dereitos sociais, para facer habitables os nosos espazos urbanos e para xerar condicións de beleza e cultura, os ingresos públicos son necesarios. Propomos que o sistema fiscal sexa xusto, que pague máis o que máis ten, e que o

gasto público sexa dirixido e controlado pola cidadanía Unha fiscalidade progresiva e xusta, un financiamento suficiente.

EU comprométese a espremer as marxes legais co fin de mellorar a xestión económica municipal procurando o incremento dos ingresos de forma xusta e solidaria, así como apostando por medidas de control do gasto mediante a mellora da xestión e a potenciación do aforro.

Propostas:

- Participación nos tributos da comunidade, na perspectiva da asunción de novas competencias cuxa prestación deber garantir con criterios de calidade e tendo en conta o custo efectivo.
- Reivindicar ante o resto das administracións, as transferencias e recursos necesarios para o desenvolvemento dos Servizos Sociais municipais e a xestión pública da Lei de Dependencia.
- Avanzar na definición de novas figuras impositivas municipais que graven a utilización do chan, subsolo e voo, o espazo radioeléctrico, a ocupación da vía pública, a banca....
- O financiamento de Taxas e Prezos Públicos deben de ir vinculados a discriminación e estímulos negativos ou positivos a certos consumos ou certa progresividade e reflexo da capacidade económica do contribuínte.
- Facilitar o pago dos distintos impostos municipais, mediante a creación de novos sistemas que permitan prorratealos ao longo do ano, aplicando unha dedución sobre o total anual.
- Aplicar bonificacións no IBI ás familias numerosas en función do valor catastral das vivendas e do número de membros da unidade familiar.
- Instar ao Estado a modificación da lei para que esta permita con urxencia establecer recargas no IBI de vivendas e solares baleiros que irán do 100 ao 200% en función do tempo de retención do ben. Gravar a retención do chan urbano privado con fins especulativos.
- Utilizar as posibilidades que nos outorga a lexislación para penalizar a especulación a través de incrementos dos tipos a aplicar no imposto de plusvalía nos alleamentos que se produzan nos primeiros anos de tenencia da propiedade.
- Esixiremos a regulación do pago obrigatorio de Impostos (IVTM), vinculado exclusivamente ao lugar de residencia ou traballo e o aumentar a tributación dos vehículos máis luxosos e máis contaminantes.
- Cumprir a directiva comunitaria de corresponsabilidade fiscal á hora de definir taxas que graven a produción de residuos, establecendo desgravacións e/ou exencións polo desenvolvemento de políticas ambientais positivas.
- Dado o escaso espazo fiscal propio, procurar recursos económicos alternativos mediante a xestión do patrimonio municipal.
- Potenciar os servizos de inspección tributaria e loita contra a fraude fiscal.
- Aplicar á xestión de tributos as novas tecnoloxías.
- Elaborar censos de vivendas e solares baleiros.
- Mellorar a información ás PEMES sobre as súas obrigacións e posibilidades de axudas fiscais.

2.1.2 Xestión de Gastos:

A progresividade dos tributos constitúe un dos elementos do seu carácter redistributivo, pero ademais é preciso que o gasto público oriéntese cara aos sectores máis débiles. Nunha época de crise como a que vivimos, a racionalización e transparencia do gasto son esenciais.

Propostas

- Implantar sistemas de compras centralizados co fin de obter mellores prezos dos provedores.
- Traballar o deseño do novo equipamento que se constrúa baixo o prisma de reducir os seus gastos de mantemento futuro.

- Utilizar fórmulas de organización municipal que reduzan os gastos de xestión.
- Aplicar medidas de control enerxético para reducir os consumos de auga, gas, electricidade, telefonía e carburantes en xeral.
- Desenvolver campañas de concienciación cidadá encamiñadas a estender o aforro.
- Controlar de forma eficiente a licitación pública, pechando toda posibilidade ao deslizamiento do prezo dos contratos de subministracións, obras e servizos. Involucrar ao persoal municipal na xestión eficiente da contratación.
- Potenciar a implicación dos traballadores e as traballadoras dos concellos no servizo público, co fin de mellorar a eficacia dos mesmos e procurar a mellor atención á cidadanía.

2.2 Empresas Públicas

- Crear paulatinamente Empresas Municipais de Servizos que executen os servizos básicos privatizados actualmente.
- Establecemento dun novo modelo de empresa pública, transparente, eficiente, participada polos cidadáns e que provea servizos de calidade.
- Mellorar a Empresa Municipal de Vivenda co fin de fomentar a promoción municipal de vivenda protexida.

2.3 Fomento da Economía Social

Desde EU estableceremos políticas de apoio e fomento das iniciativas de economía social, como mecanismo de actividade empresarial solidaria e de participación dos traballadores e traballadoras na empresa. Para iso, poremos en marcha as seguintes medidas:

- Apoio técnico para a constitución de empresas de economía social. Neste sentido promoverase o coñecemento das cooperativas de traballo e sociedades laborais, así como a consolidación das mesmas.
- Apoio económico ao comezo da actividade.
- Incentivar especialmente as empresas con participación maioritaria de mulleres.
- Formación e concienciación para o fomento de empresas entre desempregados.
- Fomentar a cooperación empresarial local como método eficaz de adaptación ao cambio.

3. Servizo Integral de Apoio Municipal a Emprendedores (SIAME)

Cooperativas, autónomos e PYMES poderán así cubrir as necesidades básicas as que se enfrontan na súa primeira etapa. Os únicos requisitos son: dispor dun estudo de viabilidade económica, reducir a dependencia do petróleo na súa actividade e crear emprego estábel e de calidade. Unha taxa que cubra custes de xestión permitirá acceder mediante uso compartido a oficinas, bolsa de locais, servizos de comunicacións, loxística e administrativos, ou asesoramento contábel, laboral e tributario. Estimamos 2000 novos empregos.

4. Plan de Reactivación da Vida nos Barrios

Avogamos por outra filosofía de cidade, máis amábel e sostíbel, na que non sexan necesarios os desprazamentos constantes para acceder aos servizos básicos. Propoñemos a **recuperación dos espazos públicos e a diversificación e descentralización cultural e de espectáculos para o goce da cidadanía e apoio e promoción ao pequeno comercio** para que cubra a demanda de cada barrio e así **evitar a destrución de centos de postos de traballo**.

EIXO B: A CORUÑA, DEMOCRÁTICA E PARTICIPATIVA

1. Democracia participativa e políticas de participación cidadá

O afondamento democrático só será posíbel cambiando as formas de facer política e apostando pola democracia participativa para conseguir un cambio político substancial que leve un xiro económico, social, cultural e ético desde a participación cidadá e a transparencia na xestión do público.

O Concello é o ámbito desde o cal é posible pór en marcha e profundar nos procesos de construción de democracias participativas, en tanto é o espazo no que a cidadanía habita, relaciónase e diríxese para trasladar as súas problemáticas e demandas. A descentralización económica e administrativa é neste sentido unha prioridade política.

Comprometémonos a realizar cantos esforzos sexan necesarios para avanzar na rexeneración da vida democrática e na democratización das institucións e a política, asegurando o máis estrito comportamento ético.

1.1 Reforma da Administración Local

Defendemos unhas administracións públicas baseadas na defensa do servizo público, no pluralismo cooperativo, na descentralización e desconcentración de funcións, na sinxeleza dos procedementos, na prestación de servizos eficientes e de calidade, e no fomento da participación cidadá, é por iso que propomos:

- A reforma das Administracións Públicas que implique un cambio en profundidade das súas estruturas e organización, dos seus aspectos funcionais, dos procedementos e do modelo de función pública actual. Implica tamén un cambio de cultura de gobernantes, directivos e empregados públicos en xeral, respecto das súas relacións coa sociedade.
- O Concello debe exercer como catalizador da actividade das diferentes administracións, para evitar a descoordinación que se produce en moitas ocasións ante a falta de comunicación entre as mesmas. O Concello, como a administración máis próxima á cidadanía, debe ser quen recolla necesidades e carencias para transmitirlo ás administracións competentes, e así obter unha acción coordinada e efectiva. Labor é esencial para optimizar os recursos.
- Adecuar a organización e o número de efectivos da Administración Local ás competencias e funcións que realiza, delimitar con claridade os ámbitos políticos e administrativos ou de xestión e clarificar as súas respectivas responsabilidades.
- Acabar co clientelismo que se produce na asignación dos postos directivos de libre designación e co exército de asesores que rodea aos altos cargos, que supón a creación de administracións paralelas que marxinan ás estruturas orgánicas.
- Establecer canles de participación cidadá na planificación, toma de decisión, desenvolvemento e execución das políticas públicas e na xestión dos servizos públicos.
- Establecemento de mecanismos que obriguen ao alcalde e ao equipo de goberno a render contas periodicamente ao Pleno municipal.
- Esixencia dunha maioría mais cualificada para que o Pleno poida delegar competencias no alcalde e/ou no equipo de goberno. O Pleno debe ter a competencia exclusiva na regulamentación do acceso a este dos cidadáns e na configuración da orde do día, onde será obrigatorio a inclusión de calquera proposta ou moción que presente a oposición.
- Garantía de acceso á información municipal por parte dos cidadáns.
- Estatuto de dereitos dos grupos municipais, que inclúa o acceso á información, a dotación de medios financeiros e materiais necesarios para desenvolver o seu labor.
- Racionalizar os instrumentos xurídicos de Dereito Público (contratación pública, xestión orzamentaria, fiscalización e control, procedemento administrativo, etc.) co fin de posibilitar unha xestión áxil nas unidades administrativas suxeitas a este tipo de regulación xurídica.

- Defender unha regulación única das condicións de traballo para todos os empregados públicos, coa configuración dun novo modelo estatutario, con estabilidade no emprego a fin de evitar a súa dependencia respecto ao poder político e con dereitos laborais e sindicais.
- Restituír a dignidade destes traballadores, que constitúen o esqueleto do Estado social e que sistematicamente foron denigrados polos distintos Gobernos e os medios de comunicación, co obxectivo de desvalorizalos ante a opinión pública, xustificar as externalizacións e utilizar os seus salarios como fondo de reserva para os sucesivos axustes.

1.1.1 As Deputacións Provinciais

Para EU as deputacións provinciais son entidades anacrónicas de difícil control pola cidadanía, con funcionamento opaco e en moitos casos instrumentalizados polos caciquismos locais. Por iso somos partidarios da súa reforma nun ente administrativo xestor de servizos para os concellos, que descentralice competencias e recursos cara aos concellos, con moita menos presenza política e que se atopen afastadas da utilización partidista dos orzamentos e recursos polos equipos de goberno, fonte constante de clientelismo.

1.2 Democracia participativa

Esquerda Unida é unha forza política transformadora que ten como un dos seus principais acenos de identidade a procura de modelos de participación que logren que os veciños e veciñas interveñan na xestión pública máis aló do mero feito de introducir unha papeleta nunha urna cada catro anos.

Esquerda Unida non quere traballar para a cidadanía, quere traballar coa cidadanía; non quere gobernar por delegación, quere gobernar con participación. A participación cidadá constitúese no eixo vertebral e transversal do noso proxecto político que se fundamenta no convencemento de que a maior participación, maior calidade democrática.

En Esquerda Unida cremos que desde a administración débese traballar conxuntamente coa sociedade civil organizada e traballar para fomentar o asociacionismo e a participación. Non queremos deixar o control democrático a banqueiros ou empresas, por iso aspiramos a impulsar desde o ámbito municipal procesos de intervención directa nas decisións que se tomen no concello, que vinculen a veciñanza, políticos e técnicos nas decisións, o control e a xestión dos asuntos do municipio.

En definitiva, a participación como instrumento de democracia real, de transformación social, de inclusión, é un principio irrenunciable para unha forza política de esquerdas, por iso poremos en práctica:

- Plans integrais de participación cidadá, que intenten organizar todos aqueles elementos que están na base local, tanto desde o punto de vista normativo como de dinamización social.
- Actualización do Regulamento de Participación Cidadá
- Desenvolvemento dun Plan de Formación Cidadá dirixido a persoas individuais e a asociacións (xestión de asociacións, instrumentos para a participación...)
- Desenvolvemento de Foros Cívicos entendidos como ámbitos de discusión, debate e proposta.
- Creación da Concellería de Participación Cidadá en exclusiva
- Creación do **Consello de Cidade** como máximo órgano de participación do municipio.
- A creación de **Consellos Sectoriais** sobre as diferentes políticas locais (educación, sanidade, igualdade, mocidade, cultura, medio ambiente, mocidade) coas seguintes premisas:
 - Atender aos problemas dun xeito transversal e desde a organización territorial da cidade.
 - Estar compostos, exclusivamente pola cidadanía, a través das súas organizacións e asociacións. A Administración ha ter só un papel secundario de canalización de demandas.
 - Han de garantir a paridade ou polo menos a presenza equilibrada de mulleres e homes nos órganos de representación e toma de decisións, favorecendo a incorporación das mulleres nos órganos e instancias de representación local.

- Desenvolvemento de Audiencias públicas sobre temas de interese xeral: Orzamentos, Urbanismo, etc.
- Establecer un modelo de mediación veciñal co fin de resolver negociadamente os conflitos derivados desta participación.
- Participación dos cidadáns e representantes dos traballadores nos órganos de dirección das empresas públicas municipais, así como nas entidades de carácter supramunicipal.

1.3 Orzamentos participativos

A participación implica toma de decisións e compromiso de vinculación por parte dos equipos de goberno locais, o que leva unha cesión de poder por parte da administración local cara á cidadanía.

Na articulación de políticas de participación, na construción de políticas e establecemento de prioridades, é necesario superar modelos nos que as asociacións ostentan a representación da cidadanía e a súa interlocución en nome desta coa administración, fomentando espazos deliberativos da cidadanía, articulando o dereito universal a participar na toma de decisións municipais mediante as **Asembleas de barrio**. Deste xeito, foméntase a participación dos sectores sociais que historicamente estiveron excluídos da toma de decisións e que polo xeral, non forman parte do tecido social organizado, de aí a nosa aposta por implantar os orzamentos participativos como vínculo de coexistión entre cidadanía e poder institucional, como "contrato social".

O proceso de orzamentos participativos permite xerar unha nova cultura que implica a construción de estratexias de planificación e xestión participativa do territorio. Permiten que a cidadanía non sexa simple observadora dos acontecementos, así como a transparencia nas decisións converténdose en protagonista activa do que ocorre no municipio, creando municipios máis igualitarios.

Para poder levarlos a cabo comprometémonos a:

- Facilitar a máis ampla información sobre as actividades, obras e servizos municipais.
- Promover a participación dos veciños/as e asociacións na xestión municipal, fomentando a vida asociativa na cidade e os seus distintos barrios.
- Achegar a xestión municipal á cidadanía, garantindo o equilibrio e solidariedade entre os distintos barrios e núcleos de poboación do termo municipal.
- Facer efectivos os dereitos dos cidadáns e cidadás
- Celebración de Audiencias Públicas anuais co fin de achegar á poboación a complexidade do Orzamento Municipal, as súas características e os seus límites.
- Posta en común das Ordenanzas fiscais coa representación da cidadanía: as organizacións sociais, as comunidades de veciños, os sindicatos e o empresariado, constituíndo un Consello Económico e Social.
- Realización de experiencias participativas no deseño de espazos urbanos a través das Asembleas de Barrio ou de Asembleas de Distrito.
- Deseño participado de equipamento municipal co público futuro usuario.
- Orzamento Participativo como unha realidade posíbel de implicación cidadá na toma de decisións, para que a veciñanza poida decidir que equipamentos investir no seu barrio.

2. Loita contra a corrupción

A corrupción é un fenómeno estrutural do capitalismo que deteriora a democracia e nega os principios de transparencia e igualdade, a denuncia e combate constituen o noso obxectivo principal; as esferas onde principalmente se dá son o urbanismo e a contratación, polo tanto defenderemos cantas medidas sexan necesarias para erradicar esta secuela.

Desde EU comprometémonos contra a corrupción municipal e na defensa da democracia cunha xestión pública ética e transparente. Superar a deterioración moral ao que se esta levando á democracia é o noso compromiso e para iso propomos:

- Adoptar as medidas necesarias para asegurar o comportamento ético dos cargos públicos: Código ético e mecanismos de control.
- Unha regulación máis estrita das incompatibilidades, medidas contra o transfuguismo, a obrigação de declarar os bens patrimoniais, lei expropiatoria de bens adquiridos mediante prácticas corruptas, etc.
- Adecuar a composición das institucións representativas á vontade popular, expresada a través dos seus votos e democratizar o funcionamento destas institucións.
- Fixación de criterios para a das retribucións de cargos electos locais.
- As contratacións realizaranse a través de comisións específicas, cuxo funcionamento será transparente, as súas decisións públicas e nas que participarán os representantes de todos os grupos municipais. Os seus compoñentes terán acceso aos expedientes de contratación.
- Desenvolver mecanismos de control independente que permita valorar a eficacia da xestión pública, así como ás finanzas públicas.
- Crear a figura do Defensor da veciñanza como órgano municipal que velará pola defensa dos intereses de todas as persoas que viven no municipio.

3. Transparencia, Ética, Austeridade e Eficacia na xestión Municipal

As propostas que vos achegamos non son meras declaracións de intencións, senón que responden a unha viabilidade económica baseada nun equilibrio orzamental derivado de aplicar criterios de eficiencia, austeridade, ética e transparencia institucional.

- Plan de Reorganización da Administración Coruñesa (PRAC) consensuando cos representantes dos traballadores e traballadoras para optimizar recursos, reducir custos, gañar en eficacia e mellorar a produtividade.
- Evitar sentenzas condenatorias por irregularidades urbanísticas.
- Redución do 50% do orzamento do IMCE (espectáculos), eliminando a subvención ás touradas ao tempo de apostar por espectáculos menos custosos até o fin da crise.
- Aforrar o 50% do consumo eléctrico mediante autoabastecemento e eficiencia.
- Baixar un 25% os emolumentos de cargos públicos e altos cargos de confianza.
- Redución do 50% en dotacións e asesores para os grupos políticos.
- Redución dun 75% dos custos en protocolo e relacións públicas.

3.1 Transparencia na xestión dos fondos públicos municipais

En EU-V entendemos que o orzamento público é unha propiedade de todos cidadáns xestionada polos nosos representantes eleixidos democráticamente, e por iso todos temos o dereito de saber en todo momento e con todo detalle que se fai co diñeiro público, o noso diñeiro, do mesmo xeito que coñecemos en todo momento e con todo detalle o saldo e os movementos das nosas contas bancarias persoais.

A única razón pola que as administracións manteñen a xestión dos fondos públicos nun estado de opacidade é para facilitar a impunidade dos comportamentos corruptos. Para terminar cunha xestión administrativa que na práctica é secreta, e co obxectivo de lograr a maior transparencia, achegando a cidadanía á realidade cotiá do concello e minimizando a posibilidade de comportamentos corruptos, propomos:

Que non se adxudique ningún contrato, obra ou servizo por procedementos sen publicidade e sen que todas as ofertas recibidas, xunto coas súas respectivas valoracións e informes técnicos e xurídicos, estean integramente a disposición do público para a súa consulta libre, anónima e sen restricións na páxina web municipal.

Que non se pague ningunha certificación de obra, factura, subvención ou convenio con cargo a fondos municipais sen que todos os informes técnicos e xurídicos que xustifiquen o seu pago estean integramente a disposición do público para a súa consulta libre, anónima e sen restricións na páxina web municipal.

Que ningún representante municipal en empresas públicas, consorcios e outras administracións vote a favor de acordos que non contemplan un nivel de transparencia equivalente ao exposto.



EIXO C: A CORUÑA CON SERVIZOS PÚBLICOS DE CALIDADE

1. Fortalecemento e defensa do sector público

Defendemos a potenciación do público, desde un funcionamento eficiente e eficaz como única garantía de redistribución e satisfacción real da renda e os dereitos sociais da maioría da cidadanía.

EU orientará a súa actuación preferente cara á xestión directa e dentro desta, a elección de cada modalidade axustarase á natureza e o tipo de actividade e servizos. En todo caso EU expón como elemento diferencial a xestión participativa.

No caso das empresas privadas:

- Evitaranse as concesións administrativas por períodos longos, que imposibilitan controis municipais eficaces e convértense en privatizacións definitivas encubertas. Prestaremos especial atención ás cláusulas que rexen o contrato, e ao Regulamento de Servizo, a fin de garantir a súa calidade e control eficaz; así como incorporar ao contrato determinadas obrigacións respecto da contratación dos traballadores, os seus dereitos laborais e a aplicación da lexislación vixente en materia de saúde laboral.
- Rexeitaremos a contratación a través de Empresas de Traballo Temporal (ETT) e as concesións administrativas de empresas que os usen.
- Baremación con criterios de preferencia ás empresas con emprego fixo e de calidade.

2. Servizos públicos

2.1 Servizos sociais

Dende EU cremos que son os concellos os que deben xestionar as políticas e servizos sociais prestados á cidadanía, xa que son estas institucións as máis próximas á poboación. Por iso defendemos non só o traspaso de competencias aos concellos, senón tamén a descentralización e liberación de recursos económicos cara a estes por parte das autonomías. Dende os concellos débese investir gran parte do orzamento municipal para tratar servizos e asuntos sociais especialmente nesta época de crise que deixou desprotexida a gran parte da poboación.

Tras as reiterativas políticas neoliberais que sobre os Servizos Sociais se practicaron, deixáronnos un sistema Municipal de Servizos Sociais que se caracteriza por:

- A carencia de normas e regulamentos de réxime local sobre a aplicación por dereito de axudas de protección social básicas.
- A dificultade para realizar actuacións integrais e/ou coordinadas coas política sociais fundamentais (vivenda, educación).
- A cada vez maior implantación da xestión privada dos servizos.

No entanto, habemos de recoñecer que os servizos sociais avanzaron na delimitación do seu específico papel, do seu valor positivo na intervención na loita contra a exclusión social, a pobreza, e a súa achega á xeración de benestar social de toda a cidadanía. Defendemos uns servizos sociais que protexan ás e ós cidadáns, especialmente a aqueles en risco de exclusión social, que promovan calidade de vida por enriba da cobertura das necesidades básicas e que criticamente desvelen as raíces e as situacións de desigualdade que xera este sistema social e para iso propomos:

- Incrementar o orzamento municipal dos Servizos Sociais.
- Iniciar a planificación e desenvolvemento da rede pública de servizos sociais, combatendo firmemente os intentos de privatizar estes servizos e buscando vías para reverter as privatizacións xa executadas á xestión pública.
- Reivindicar o cumprimento dos protocolos entre as Administracións, e o orzamento suficiente para o desenvolvemento da Lei de Dependencia.

- Mellora da calidade na prestación e a formación de coidadores/as para a maior calidade no coidado da persoa dependente.
- Crear un Plan de Inclusión Social transversalizando co resto de políticas municipais.
- Políticas de inclusión social en materia de emprego, vivenda, sanidade, educación e redes sociais: diversificadas segundo grupos e colectivos.
- Asegurar que os sistemas de protección social permitan a todo individuo percibir suficientes ingresos para vivir de xeito digno.

A exclusión social é a manifestación dun proceso multifactorial no que xoga un papel preponderante, entre outros, a situación de desemprego. Por este motivo as políticas activas de emprego deben xestionarse de xeito descentralizadas e en colaboración estreita cos Servizos Sociais locais: Os cidadáns e cidadás que están en paro adoitan ser usuarios dos Servizos Sociais, e de xeito moi especial aqueles e aquelas que deixaron de percibir a prestación por desemprego.

Coñecer, mediante os estudos correspondentes, os perfís da poboación vulnerable con obxecto de establecer prioridades e estratexias de intervención.

Xestionar a diversidade das persoas en situación de exclusión, creando, cando se requira, programas ou estruturas organizativas especificamente adaptadas ás peculiaridades de cada perfil, sen por isto desatender os principios de atención universal e xeral.

Hai un conxunto de prestacións económicas, ou que teñen un custo establecido, que ofrecen os Concellos aos usuarios de Servizos Sociais, xeralmente aprobadas en ordenanzas municipais. Estas prestacións, vinculadas a situacións de gran necesidade, son fonte de desigualdade, debido a que os criterios para a súa concesión son distintos en cada Concello, ata dentro dunha mesma Comunidade Autónoma, e, en todo caso, están sometidos a disposición orzamentaria, polo que unha mesma situación de necesidade pode ser atendida no principio do ano a uns cidadáns e cidadás e a metade de exercicio orzamentario non poder cubrir os doutros e outras. Dende EU non toleramos estas situacións de desigualdade e propoñemos un sistema de protección social que, pretende eliminala. Por iso, propónse que todos os Concellos, polo menos dunha mesma Comunidade Autónoma, aproben a mesma normativa municipal de acceso a prestacións sociais, tendo como foro de debate e acordos as Federacións de Municipios autonómicas.

Estas prestacións deben de estar garantidas como dereitos subxectivos.

O Plan Concertado que de tanto serviu, aínda serve. Nas súas orixes require ser superado no deseño, nas prestacións e no financiamento, porque a realidade da intervención social e dos servizos sociais xa o superaron. O esforzo local dende o punto de vista técnico e organizativo é moi superior ao previsto nas orixes do plan concertado, os servizos sociais realizan prestacións e servizos moi por encima do plan e por outra banda alcanzan o 65% do financiamento dos servizos sociais. As Comunidades Autónomas propoñen permanentemente (convenios e subvencións) aos concellos a realización de actuacións parciais e limitadas no tempo, a pesar de pretender abordar problemas de longa duración, e os concellos que entenden a demanda dos seus veciños acceden a elas a pesar de que poidan estar en desacordo co enfoque, ou a pesar das súas limitacións orzamentarias e, dende logo, de que rematan asumindo obrigacións de mantemento e ampliación destes servizos a pesar de que as autonomías poidan retirarse do proxecto ou de que non poidan atender á demanda.

Faise necesario:

- Promover o acordo entre Comunidades Autónomas e concellos, para facilitar a tramitación e aprobación dunha Lei Básica de Servizos Sociais.
- Fortalecer os concellos, clarificar as competencias propias e as que deben ser compartidas con outras administracións públicas, dende o principio de subsidiariedade e de suficiencia económica. Apoiar as agrupacións de municipios a través de mancomunidades para a prestación de servizos sociais con maiores garantías nos pobos pequenos, concellos...

- En servizos sociais, un novo modelo que substitúa ao plan concertado, tanto no referido ás prestacións consideradas básicas como no referido ao financiamento.
- A consideración do cidadán e das familias como eixos de atención, cohesión social e planificación integral. Para EU as familias son importantes, non son un tema exclusivo da dereita, que por outra banda defende non a familia tradicional, senón a visión máis tradicional da familia.
- Avanzar na Lei de Dependencia para completar todo o catálogo de servizos. Neste sentido dende EU poderíanse propor plans municipais integrais específicos que cubran este servizo. Aínda que cun marcado carácter sociosanitario, terían que ter un enfoque transversal, incluíndo áreas que ás veces se esquece a súa importancia (deportes, cultura, lecer, etc.).
- En liña co anterior, as persoas Maiores deberían ser obxecto dun plan integral en cada Concello ou mancomunidade, incluíndo de xeito moi especial todas as liñas de actuación do que se denomina "envellecemento activo e saudable", ademais dos apoios asistenciais. Fomentar as actuacións de carácter interxeracional (voluntariado, vivendas compartidas, etc.).
- En Dependencia é importante ofrecer apoios e formación aos cuidadores, tanto aos profesionais como aos informais, así como programas de descanso para estes. Fortalecer as políticas integrais globais e especializadas dirixidas: maiores, discapacitados, inmigrantes, colectivos en risco de exclusión social.
- Establecer protocolos de detección precoz de casos de desprotección de menores con obxecto de intervir de xeito preventivo.
- Achegar os centros residenciais de menores ás localidades e barrios nos que vivían antes do seu ingreso, debéndose, para iso, descentralizar a xestión aos Concellos. Sempre que se conte cun adecuado sistema de selección, formación e seguimento, priorizar ao Acollemento familiar fronte ao ingreso en centros residenciais para menores. Establecer servizos de mediación veciñal para a resolución de conflitos de convivencia que poidan ter como orixe as diferentes etnias e/ou culturas que viven nunha mesma comunidade de veciños ou nun mesmo barrio.
- Establecemento de ámbitos sectoriais e integrados de participación, asegurando o equilibrio entre a participación sectorial estruturada ao redor de consellos de colectivos específicos (novos, muller, maiores, etc) ou temáticos (educación, medio ambiente, benestar social, emprego, saúde, etc).
- Introducir a perspectiva de xénero en todas as actuacións que se planifiquen desde os Servizos Sociais.

2.2 Educación

Para EU o mellor modo de garantir o dereito universal á educación pasa por defender sen concesións un sistema público de ensino ao longo de toda a vida que, vaia desde a educación infantil ata a universitaria e que comprenda tamén a formación para o emprego ou formación continua, asegurando así unha educación de calidade para todos e todas en condicións de igualdade.

Os poderes públicos deben promover a concienciación da poboación cara a un novo modelo de vida baseado nas 4 R: Redución, Reparación, Reutilización e Reciclaxe. Que permita unha transición sostíbel cara un novo modelo produtivo baseado no decrecemento sostíbel, que sexa menos dependente do petróleo e o desenvolvemento de servizos prime sobre a actividade produtiva propiamente dita. Así reduciremos a pegada ecolóxica e nos adaptaremos a realidade na que vivimos, pois é imposible manter un crecemento perpetuo cando os recursos so limitados.

2.1 Contaminación atmosférica

A Coruña, a pesares de desenvolver escasa actividade industrial, de estar ao carón do mar e ter municipios limítrofes caracterizados pola gran proliferación de zonas verdes, ten uns niveis elevados de contaminación atmosférica. A devandita situación ten a súa explicación no elevado número de vehículos que transitan pola nosa cidade e o consecuente caos de tráfico existente.

Dende EU entendemos que a aplicación do PIMUS permitirá paliar esta situación en grande medida. Mais para avaliar os resultados e aplicar as medidas correctoras oportunas semella fundamental desenvolver un estudo de puntos críticos de emisión de contaminantes, como a zona do porto e os polígonos industriais mediante a colación de tomas de mostra de aires con avaliación periódica, en colaboración co sergas para o estudos conxunto, que inclúa tamén o nivel de polens para xestionar correctamente a vexetación e, así, reducir os problemas de alerxias.

Entre outras prácticas saudábeis, consideramos fundamental a obriga de realizar as descargas portuarias en circuíto pechado para evitar a emisión de contaminantes ao medio ambiente e de sustancias nocivas para a saúde, como a soia ou o carbón que danan aos alérxicos e asmáticos ademais de contaminar o medio natural.

2.2 Augas

A política de augas do concello foi nefasta en canto a súa depuración e tratamento, logo de anos de cumprimentos en canto a calidade das augas verquidas, a nova Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) aínda está en fase de probas e atópase emitindo augas con altos niveis de contaminación, con graves consecuencias para o medio natura e para a tradicional actividade de marisqueo coruñesa.

Por outra banda, un incorrecto deseño da nosa rede de saneamento xunto con fallos na canalización están a provocar verquidos de fecais entregados ao medio sen depurar. Así, A Coruña é copartícipe do desastre medio ambiental, económico e social da Ría do Burgo, para a cal demandamos que as administracións, central e Xunta, coordinen de inmediato o pan de rexeneración da Ría do Burgo, para recuperala como espazo de lecer e de marisqueo. Pola banda do concello, EU comprométese a redeseñar a rede de saneamento e a subsanar as eivas que están a provocar os devanditos verquidos.

2.3 Residuos Sólidos Urbanos (RSU)

Aínda que saúdamos a iniciativa do concello de apostar polo compostaxe dos residuos, o certo que a xestión de RSU e outras das eivas en medio ambientais do concello, a nefasta xestión dos refugallos na planta de Nostian está a provocar a acumulación de toneladas de refugallos sen tratar en basureiros improvisados nos terreos próximos a planta e un grande sobrecoste para o concello.

Propoñemos un férreo control sobre a empresa concesionaria do servizo con participación das organizacións ecoloxistas e o desenvolvemento dun plan para recuperar a xestión directa do concello do denvadito servizo extenalizado cando finalice o período de concesión, o devandito plan debe incorporar os estudos apropiados para incorporar un post-tratamento dos residuos para asegurar un produto final de calidade (compost) para garantir a autoxestión en materia de abono para a empresa EMASAC

Asemade, comprometémonos a actuar de forma proactiva para coordinar unha correcta xestión dos excedentes e os produtos inertes entre Nostian e Sogama.

2.4 Espazos verdes e biodiversidade

Compoñente funcional que mellora a paisaxe urbana, a calidade de vida e o incremento de biodiversidade, asemade de influír na creación de microclimas que suavizan as temperaturas permitindo a redución do consumo enerxético, facilitan a recarga dos acuíferos e a protección respecto ao po e o ruído.

EU comprométese a facer unha xestión responsábel dos espazos verdes, aplicando principios de eourbanismo e parmacultura no seu deseño e mantemento, evitando utiizar abonos químicos, plagicidas ou outros produtos tóxicos.

3. Agricultura. Empresa Municipal para Asegurar a Soberanía Alimentaria (EMSAC)

Máis do 10% dos coruñeses e coruñesas están en risco de exclusión social, mentres os prezos dos alimentos medran exponencialmente por mor da crise ecolóxica, enerxética e alimentaria. Diante desta situación cómpre asegurar a soberanía alimentaria mediante a promoción da agricultura ecolóxica na nosa comarca para cubrir as necesidades de produtos agrarios básicos, o que permitirá reactivar un sector económico e crear postos de traballo de maneira sustentábel, mentres reducimos a nosa pegada ecolóxica e loitamos contra o cambio climático.

- Convenios para converter fincas abandonadas na bisbarra en terras produtivas
- Soporte técnico e formación cara unha agricultura ecolóxica autosuficiente
- Convenios cos produtores para garantir prezos dignos en orixe
- Coordinación de redes alternativas de distribución para asegurar un prezo xusto para os consumidores finais e o abastecemento do banco de alimentos e ONG
- Promoción de cooperativas agrarias de desempregados para explotar as fincas
- Recuperación e transformación de zonas verdes improdutivas da cidade para fomentar unha rede de hortos urbanos con verxeis de froiteiras e xardíns sustentábeis
- Xestionar os xardíns, parques e demais espazos verdes do municipio

4. Enerxía: Empresa Municipal de Enerxías Renovábeis (EMER)

Apostamos por unha tendencia progresiva cara as enerxías renovábeis, mediante un mix de eólica, hidráulica, solar e incluso maremotríz. Por iso, propoñemos a creación da Empresa Municipal de Enerxías Renovábeis (EMER) encargada de producir enerxía para autoabastecer os servizos municipais, promover a eficiencia enerxética e a autoprodución para democratizar a produción de enerxía entre empresas e veciñanza. Asemade, incorporará a **Oficina Municipal Contra o Cambio Climático e a Transición Enerxética** encargada de coordinar e avaliar aos entes municipais involucrados no proceso e na difusión e concienciación da cidadanía diante da crise medioambiental e enerxética.

5. Protección animal

Esquerda Unida reconece que a investigación científica demostrou fehacemente que a capacidade de sufrimento non é exclusiva dos seres humanos.

Doutra banda debemos valorar o carácter terapéutico dos animais domésticos. Moitos convértense nos únicos compañeiros de persoas solitarias, fundamentalmente anciás, e son considerados como os seus propios fillos. A compañía que achegan diminúe os casos de depresión nestas persoas e motívanlles a saír das súas casas coa escusa do paseo das súas mascotas. Se puidésemos cuantificar economicamente os beneficios que achegan os animais domésticos, diminución de depresións e ingresos hospitalarios, por pór un exemplo, comprobaríamos o aforro económico que supón ás administracións públicas. Con todo as cidades e pobos, os seus servizos públicos, non están preparados para as necesidades das persoas con animais domésticos. O transporte público colectivo non admite o acceso de cans na maioría dos seus servizos. Isto contrasta cunha gran parte de cidades e países do resto de Europa onde os animais domésticos son ben acollidos nos transportes públicos e restaurantes.

Desde EU propomos as seguintes medidas:

- Prohibirase dar morte a calquera animal doméstico ou salvaxe que non supoña ningún perigo grave para a saúde pública, exceptuando algúns tipos de eutanasia que teñen como fin acabar co sufrimento de animais enfermos. Xa que logo os parques zosanitarios deixarán de ser un servizo de exterminio.
- Establecerase a coexistión dos parques zosanitarios con asociacións protectoras de animais para evitar, entre outras cousas, abandono de animais, malos tratos, perigo de epidemias e sobrepoboación de animais rueiros. Promoverase o control dos animais domésticos aplicando a normativa vixente de obrigatoriedade do uso do microchip en cans, gatos e huróns.
- Promoción de campañas de concienciación da cidadanía sobre o dereito de todos os seres vivos a ter un trato respectuoso.
- Eliminación do financiamento por parte dos municipios de espectáculos que contemplan os malos tratos e morte pública de animais. Xa que logo, non se financiará nin se dará publicidade ás corridas de touros, ás penas taurinas ou ás escolas taurinas.
- Protección de especies protexidas que viven no hábitat urbano mediante a catalogación das mesmas e dos seus hábitats, a realización de campañas de información e sensibilización, e a adopción de medidas urbanísticas e nas ordenanzas de construción para a protección de devanditos hábitats.
- Colaboración con outras administracións públicas para o control do tráfico ilegal ou liberación de especies exóticas.
- Facilitar a vida cotiá a aquelas persoas que teñen animais domésticos: permitir aos cans viaxar nos transportes públicos como sucede noutros territorios europeos, ou crear garderías para que se poidan deixar os animais domésticos durante estancias curtas ou vacacións, evitando o abandono.
- Os municipios non darán licenza a espectáculos circenses que utilicen animais nas súas actuacións.

EIXO E: A CORUÑA GARANTE DE IGUALDADE

1. A Coruña Solidaria

1.1 Cooperación internacional

Pertencemos a un mundo global no que a maioría da poboación vive ao bordo da miseria. Por iso a cooperación ao desenvolvemento convértese nunha obriga para o primeiro mundo ao que pertencemos. Unha obriga ética e de xustiza que implica o apoio ao desenvolvemento dos pobos e ao recoñecemento dos seus dereitos, unha obriga de respecto á súa historia e a súa cultura e un compromiso coa paz. Para iso actuaremos en diferentes ámbitos:

- Participación cidadá e mobilización social. EU non se limitará a unha mera tarefa de dispensadores de servizos, senón que promoverá e impulsará a participación. Para iso propón constituír en cada concello un consello municipal de paz, solidariedade e cooperación con carácter consultivo, composto por representantes dos grupos municipais presentes no concello e das asociacións presentes no municipio con obxecto de implicar ao conxunto da sociedade na toma de decisións e incrementando a implicación social nestas políticas.
- Creación dunha partida específica de cooperación ao desenvolvemento que abarcará como mínimo o 1 % do orzamento municipal.
- Creación dunha concellaría delegada de Paz, Solidariedade e Dereitos Humanos.
- Cooperación bilateral/solidariedade. As tarefas de cooperación faranse de modo que a capacidade administrativa e a influencia social dos municipios dos países en vías de desenvolvemento contribúan ao seu reforzamento institucional. Traballarase para conseguir:
- Apoio á mellora das súas prestacións, a través da capacitación de técnicos e a cofinanciación dos proxectos municipais.
- Apoio ao asociacionismo municipal.
- Combinar a cooperación a través de ONG coa cooperación directa cos municipios a través de irmandamentos solidarios que axude ao fortalecemento institucional, a participación popular e superación do empobrecemento.

Conseguir a implicación da cidadanía a través de:

- Información e campañas: o concello promoverá por decisión propia ou en coordinación cos movementos sociais toda a información posible que asegure aos veciños/as a posibilidade de ter acceso ao que ocorre no mundo en relación coa paz, a solidariedade e a cooperación.
- A educación para o desenvolvemento pretende facilitar un cambio de actitudes e comportamentos en relación cos problemas dos desequilibrios económicos, sociais e culturais entre os pobos e as súas graves consecuencias sobre as condicións de vida e supervivencia da persoa. Para iso EU propón promover e subvencionar mediante convenios cos centros de ensino, entre outras:
- Proxectos educativos que incorporen a educación para a paz e a solidariedade como eixo transversal nos proxectos curriculares.
- Comercio xusto-consumo responsábel:

Desde os concellos débese dar un impulso importante a esta actividade axudando a crear e desenvolver redes locais de comercio xusto, facilitándolles a relación con establecementos comerciais, apoiando a participación destes na actividade, reservando espazos en mercados e feiras municipais e dándoa a coñecer á poboación.

- EU priorizará que os fondos asignados á cooperación para o desenvolvemento destínanse a:
- A realización de actuacións, programas, proxectos... que contribúan a resolver situacións carenciais crónicas de grupos de poboación mediante o reforzo das capacidades económicas, sociais ou culturais destes colectivos. A este respecto consideraranse especialmente as destinadas a satisfacer necesidades primarias: saúde, alimentación, educación e formación básica, fortalecemento institucional, potenciación da organización social, de xénero, dereitos humanos, etc.

- A realización de actuacións de axuda humanitaria, alimentaria e de urxencia dirixidas a poboacións que precisan asistencia urxente para paliar situacións carenciais agudas de acordo ás súas capacidades e en coordinación co goberno autónomo e central.

EU en definitiva comprométese a traballar para conseguir outro mundo posíbel tamén desde o local.

1.2 A Coruña pola paz

Para EU é un reto que os Concellos actúen como instrumentos de información e educación, permitindo coñecer as causas dos conflitos e das desigualdades que existen no planeta, co obxectivo de xerar unha conciencia crítica sobre a situación dos pobos oprimidos e as causas que provocan a existencia de situacións de guerra, fame, desigualdade, malos tratos, violencia cara as mulleres e enfermidades en gran parte do mundo, mentres noutra parte do planeta existe malgasto e consumismo insolidario. Para iso realizaremos as seguintes iniciativas:

- Constituír en cada concello un consello municipal de paz, solidariedade e cooperación con carácter consultivo, composto por representantes dos grupos municipais presentes no concello e das asociacións presentes no municipio con obxecto de implicar ao conxunto da sociedade na toma de decisións e incrementando a implicación social nestas políticas.
- Promover proxectos educativos que incorporen a educación para a paz e a solidariedade como eixo transversal nos proxectos curriculares.
- Impulsar declaracións e acordos municipais como elementos de debate dentro das corporacións e entre as cidadás e os cidadáns, facilitando a presión das institucións a favor dunhas relacións internacionais máis acordes co sentimento dos pobos.
- Constituír Institutos Municipais para a Paz e a Solidariedade que, de forma participativa e cun funcionamento autónomo, sexan os dinamizadores e interlocutores ante todas as institucións destas iniciativas
- Impedir calquera instalación para uso da OTAN nos nosos termos municipais e non permitir o tránsito ou almacenamento de material nuclear.
- Realizar campañas de sensibilización en Centros de ensino infantil
- Constituír grupos de traballo municipal para a introdución da Compra Pública Ética

2. Políticas de igualdade e xénero

2.1 Propostas institucionais e Participación Social das mulleres

- Creación da **Concellería de Igualdade**, con persoal específico e con dotación orzamentaria suficiente. Desde esta Concellería non só ten o obxectivo de realizar políticas específicas dirixidas a mulleres, senón tamén, de propor e coordinar as políticas transversais realizadas desde outras áreas do concello, en especial as relativas aos Plans de Igualdade Municipais.
- Creación do **Consello Local da Muller**. É un instrumento para profundar na participación e responsabilidade das organizacións de mulleres na política municipal, trasladando a visión de xénero ao conxunto das actuacións públicas. Estes Consellos serán autónomos, é dicir, compostos unicamente por organizacións e asociacións de mulleres. Os seus informes serán preceptivos e, segundo, os temas de consulta, preceptivos e vinculantes.
- Implantación e/ou desenvolvemento do Plan Municipal de Igualdade de Xénero. Este Plan de Igualdade ten que partir dunha visión e actuación transversal, por iso, entendemos que a súa coordinación e avaliación debe depender dun órgano interdepartamental, con representación de todas as Delegacións do Municipio.
- Asignación do 5 % do total do orzamento municipal para políticas específicas para mulleres, incorporando gradualmente nos catro anos de goberno. Comezando cun 2% no orzamento de 2012.
- Dentro da nosa aposta polos Orzamentos participativos, estes deben ser enfocados desde a perspectiva de xénero. É dicir, o proceso debe incorporar mecanismos de participación activa das mulleres.

2.2 Aposta polo público. Acceso ao emprego e igualdade na promoción e o salario

Os Servizos Públicos de Emprego priorizarán nos seus obxectivos a superación da segregación ocupacional e laboral, con especial atención á discriminación e sobreexplotación das mulleres inmigrantes.

- Regulación de formas paritarias de contratación funcionarial e laboral, para aqueles postos e corpos en que existe escasa representación das mulleres, arbitrando fórmulas porcentuais obrigatorias no acceso.
- Estudar e potenciar fórmulas de creación de emprego local adecuadas a mulleres desempregadas de devandito ámbito e dentro do marco da economía social.
- Inclusión da perspectiva de xénero nos contratos que se subscriban con persoas e empresas, alleas á administración municipal, así como na planificación de programas públicos e nas condicións de subvención.
- Implantar os Plans municipais de Igualdade de xénero con partidas orzamentarias específicas destinados ao persoal da administración local.
- Promover campañas municipais de sensibilización para a repartición das responsabilidades familiares e o traballo doméstico.

2.3 Contra a violencia de xénero e a exclusión social

- Plan integral municipal contra a violencia de xénero en coordinación con outras administracións, que inclúa medidas específicas para evitar o desamparo das mulleres inmigrantes en situación irregular como consecuencia da aplicación da Lei de Estranxeiría. Este plan debe priorizar a sensibilización, prevención e detección.
- Creación de Dispositivos de urxencia para aquelas mulleres vítimas de violencia (á marxe da súa solicitude ou non da Orde de Protección) en coordinación con outros concellos, comarcas ou mancomunidades.
- Desenvolvemento de programas destinados á atención de mulleres en situación de marxinación e exclusión social.
- Desenvolver políticas encamiñadas á abolición da prostitución, como forma extrema de violencia de xénero. Executando políticas activas desde os municipios para erradicar todas aquelas licenzas de actividade que teña relación coa explotación sexual, así mesmo coa difusión nos medios de comunicación local ou de regulación por ordenanzas municipais, onde se poida difundir publicidade desa forma de violencia ou onde se difunda unha imaxe discriminatoria ou denigrante. Non apoiaremos ningunha ordenanza que pretenda criminalizar ou sancionar ás mulleres en situación de prostitución.
- Establecer canles municipais de denuncia da publicidade que atente contra a dignidade das mulleres.

2.4 Pola incorporación da perspectiva de xénero e a memoria das mulleres

- Presenza das mulleres nos proxectos de planificación urbanística para que se contemplen as demandas de equipamentos en base a unha perspectiva de xénero.
- Establecementos de cotas específicas nas vivendas de promoción oficial destinados a persoas con cargas familiares non compartidas e mulleres vítimas de violencia de xénero con escasos recursos económicos; potenciando o parque público de vivendas en aluguer.
- Desenvolvemento de actividades escolares complementarias con formulacións que potencien valores non sexistas e contrarios a calquera tipo da discriminación.
- Posta en marcha de programas destinados a potenciar actividades artísticas, culturais e de investigación das mulleres, tendo en conta a diversidade existente.

2.5 Diversidade Sexual

A heterosexualidade obrigatoria ou heteronormatividade é un réxime social, político e económico que impón o patriarcado mediante diversos mecanismos (político, médico, educativo, relixiosos) e institucións que presentan a heterosexualidade como necesaria para o

funcionamento da sociedade e como o único modelo válido. Este modelo retroaliméntase con mecanismos sociais de represión como a marxinalidade, invisibilidade ou persecución.

A pesar das leis e a conciencia social sobre a diversidade sexual, seguen existindo actitudes e ideas erróneas que son destrutivas pola forma na que traballan e que teñen como finalidade illar as preocupacións das persoas LGTBI.

EU comprométese a traballar pola igualdade, contribuindo desde as institucións locais a romper as barreiras que aínda existen para conseguir a plena igualdade real. Esquerda Unida reivindicará no concello e en todos os demais foros nos que estea presente as seguintes medidas:

- Elaboración dun plan contra a discriminación por razón de sexo ou orientación sexual nos centros escolares coordinado polas institucións locais e impartidos por entidades e colectivos de LGTBI para desenvolver o coñecemento da diversidade sexual.
- A promoción de campañas de información social que denuncien os comportamentos lesbo e homofóbicos e promovan comportamentos e actitudes de respecto e igualdade.
- Reivindicar ante o resto de Administracións unha lei integral contra a LGTBI-fobia que penalice as discriminacións por orientación sexual ou identidade de xénero.
- A completa supresión de requisitos, contidos, mencións e signos discriminatorios cara a calquera opción afectivo-sexual promovidos desde instancias tanto públicas como privadas.
- A retirada ou denegación de calquera axuda ou subvención por parte das administracións públicas a aquelas entidades tanto públicas como privadas que pola súa ideoloxía ou actividade incorran en calquera manifestación de homo ou lesbophobia.
- A normalización da transexualidade, que inclúa programas e medidas orientadas a favorecer a súa integración social e laboral e a combater o rexeitamento e a discriminación que sofren os e as transexuais. Loitar pola despatoloxización da transexualidade.
- Nos casos de expulsión do fogar familiar por razón da opción sexual, as administracións públicas deberán facilitar aos e as mozas nesta situación a axuda tanto emocional como material necesaria: apoio psicolóxico, orientación xurídica, pisos de acollida para mozas, bolsas de estudo, pensións de manutención e outras.
- A esixencia a todos os países ou rexións que se beneficien das políticas de cooperación ao desenvolvemento cos concellos da garantía de non discriminación e respecto aos dereitos de gais, lesbianas e transexuais nos seus territorios.
- Asistencia social para aquelas persoas fuxidas dos seus países de orixe como consecuencia da discriminación e marxinação que padecen pola súa condición de gais, lesbianas ou transexuais. As administracións locais instarán da estatal a concesión de asilo para estas persoas.

3. Inmigración

As Corporacións locais han de ter un papel determinante na xestión das políticas de cohesión social, con especial énfase naquelas que afectan aos colectivos considerados máis "vulnerábeis" como é o caso da inmigración estranxeira, que ten unha función moi importante no desenvolvemento económico, demográfico, social, cultural e de contribución ao mantemento do Estado de Benestar do noso país.

Estes carecen dalgúns dereitos básicos e de instrumentos de participación nas institucións democráticas e nos seus órganos de decisión, e están a ser obxecto de accións discriminatorias que sustentan a súa exclusión social e o rexeitamento das poboacións de acollida, á vez que padecen as condicións máis extremas de explotación laboral. Están a ser os mais castigados pola crise económica actual e son o último elo na loita de clases.

É preciso ter en conta as dificultades obxectivas dos nosos Concellos para evitar ou dar solucións aos conflitos desatados por "axentes" políticos e económicos fóra do seu control (que poden dinamitar ou están xa dinamitando a convivencia democrática), porque non teñen recursos nin competencias para atender á poboación, asfixiando esta falta de recursos sobre todo ao colectivo inmigrante.

A pesares destas dificultades os Concellos teñen a responsabilidade de traballar pola cohesión social e a convivencia en igualdade; correspóndelles articular medidas que palién, no posible, as consecuencias das políticas segregacionistas gobernamentais, secundadas e profundadas en moitas ocasións polas Administracións autonómicas. As mesmas deberán sustentarse sobre todo naquelas competencias que lles son propias, especialmente en materia de servizos sociais e de vivenda, como elementos de integración por definición.

Outro aspecto fundamental no que os Concellos poden e deben actuar é o da participación na vida pública e naqueles asuntos que lles concirnen aos colectivos de inmigrantes radicados no municipio, xa que a diferenza dos demais, carecen de instrumentos políticos esenciais como o voto e a representación nas institucións.

Desde EU esiximos dereitos (de aí a nosa loita contra a actual Lei de Estranxeiría) e opómonos a un tratamento diferenciado que "guetice" aos colectivos de traballadores e traballadoras inmigrantes e xere agravios comparativos cos sectores máis "desfavorecidos" das poboacións traballadoras ou doutras minorías autóctonas, para as que igualmente estamos reclamando condicións de vida e de traballo acordes cos recursos das nosas sociedades.

As medidas que propomos van desde a creación ou expansión de redes públicas de apoio a estes veciños dos Municipios (superando o tratamento caritativo-asistencial dos seus problemas e o desvío vía subcontratación das responsabilidades das Administracións cara a estes cidadáns e cidadás, vía ONGs ou outro tipo de organizacións, que lles confiren unha diferenciación perniciosa), ata o seu recoñecemento como tales e, consecuentemente, o acceso aos servizos sen diferenciación algunha coa poboación maioritaria ou medidas como:

- Acceso aos Servizos Sociais Municipais de todas as persoas empadroadas, sen distinción algunha.
- Crear sistemas de atención a inmigrantes, para a súa orientación en todos os ámbitos (administrativo, laboral, cultural), a aprendizaxe do idioma, cando sexa necesario, a mediación para a atención nos servizos comúns das mulleres vítimas de malos tratos ou sometidas á prostitución, etc.
- Promover a súa inserción nos plans de formación e emprego, con seguimento da súa evolución e non discriminación neste ámbito.
- Facilitar a utilización de espazos públicos para reunións e actos festivos ou culturais, e o acceso a instalacións deportivas e outros lugares de lecer e relación social.
- Articular plans e medidas que contrarresten as dificultades que por razón de orixe, sexo, etnia, cultura ou relixión poidan ter estes colectivos para acceder ao aluguer no mercado de vivendas privado.

- Facilitar o empadramento dos inmigrantes que habitan no Municipio, con independencia da súa situación administrativa respecto da Lei de Estranxeiría; xa que é un factor crave para o acceso aos servizos e aos sistemas públicos de educación e atención á saúde, entre outros, que corresponde aplicar aos Concellos en cumprimento da Lei de Bases do Réxime Local.
- Crear ou fomentar espazos culturais onde conflúan a mocidade inmigrante e a local mediante plans en colexios e institutos ou outros ámbitos para o desenvolvemento da convivencia e a interculturalidade.
- Regular a venda ambulante, que tamén é competencia das Administracións locais. As mesmas deben ser máis flexibles (especialmente nas grandes cidades e localidades), seguindo o exemplo doutros países europeos, xa que esta ocupación supón unha opción preferente tanto para sectores da poboación maioritaria como para un sector da inmigración e doutras minorías.
- Formar á policía local en materia de dereitos e tratamento das minorías, e a erradicación de condutas racistas e xenófobas.

Outras cuestións que afectan á poboación inmigrante, todas elas da máxima importancia, como o emprego, a loita contra o tráfico de seres humanos e a sobreexplotación laboral, o reagrupamento familiar, a documentación dos "inexpulsábeis", a acollida de menores, as políticas educativas, etc., xunto coa defensa do recoñecemento dos dereitos universais básicos e do dereito de sufraxio activo e pasivo, polo menos nas eleccións municipais; así como as políticas cara aos países de orixe, forman parte dos nosos programas e actuacións combinadas nos distintos ámbitos de decisión (Europa, Estado, CC.AA...).

4.- Cultura e Recuperación da Memoria Histórica

Para EU, a cultura debe ser un eixo vertebrador das políticas municipais:

- Como espazo de socialización e de prestixio do colectivo, educando á cidadanía nun lecer crítico e creativa fronte ao patrón consumista e individualista.
- Como elemento de procura e reafirmación das raíces de identidade dos nosos pobos e cidades en momentos de aculturación global.
- Como garante da protección, divulgación e goce colectivo do noso patrimonio histórico, artístico e intangible.
- Como ferramenta para manter a diversidade e a riqueza lingüística, e promoción do noso idioma, o galego

As prioridades para EU en política cultural serán as seguintes:

- Garantir o acceso da poboación a programas culturais integradores e de calidade, desde a hexemonía do público e coa complicidade do tecido sociocultural do noso municipio.
- Promover a micropolítica cultural que, allea á maridaxe de mercado e institucións supramunicipais e as súas propostas pechadas e unidireccionais, programe desde e para un público heteroxéneo e diverso, coa participación de dinamizadores e creadores locais, evitando tanto o extremo da endogamia cultural como o da estandarización.
- Fronte á confusión deliberada de cultura e espectáculo ou a suposta neutralidade de toda forma de lecer creativo, apostar por unha programación cultural realizada desde as necesidades e expectativas da cidadanía, desde a perspectiva da cultura como práctica ideolóxica e de converxencia co outro.
- Desde unha política formativa de base, favorecer a creación e consolidación de creadores e creadoras e axentes culturais na localidade, facilitando o seu acceso a instalacións e recursos municipais.
- Socializar as novas tecnoloxías da información e a comunicación entre a cidadanía, tanto na súa relación coas institucións como na súa dimensión cultural, educativa e social, fomentando o emprego do software libre no marco dunha concepción da rede como espazo de enriquecemento mutuo e intercambio de coñecementos sen trabas mercantís.

- Impulsar axendas culturais plurais e incluíntes como elemento de vertebración territorial e cohesión social.
- Optimizar equipamentos culturais como Casas da Cultura, Bibliotecas Municipais ou Centros Cívicos, de maneira que se convertan en axentes de contaxio de formas alternativas de vivir a cidadanía, de relacionarse en e coa cidade e de concibir as prácticas culturais.
- Fomentar Radios e Televisións Municipais de titularidade pública asentadas no pluralismo político, na participación cidadá e na transparencia, vinculadas ao interese xeral e cun carácter fundamentalmente formativo e divulgativo.
- Incorporar as novas tecnoloxías. Compromiso de uso do software libre. Zonas de acceso WiFi gratuítas en todos os espazos municipais.
- Ampliar os fondos bibliográficos das bibliotecas municipais sobre temática, historia e investigación de xénero que traten a problemática da muller.
- Desenvolver programas destinados a potenciar actividades artísticas, culturais e de investigación das mulleres
- Impulsar espazos culturais de contido feminista en radio e televisión públicas locais.
- Promoción do uso e prestixio do galego en todas as accións do concello e en todos os ámbitos do municipio, potenciando e consolidando o Servizo de Normalización Lingüística municipal, dotándoo de recursos humanos estábeis e partida orzamentaria suficiente.

Propoñemos:

- Democratizar e descentralizar a cultura, promocionando os valores locais e impulsando eventos culturais gratuítos nos barrios da nosa cidade
- Promover o día do micrófono aberto: Un día onde poetas, grupos musicais, grupos de teatro, etc dispoñan dun local durante unhas horas para realizar as súas actuacións públicas nos barrios
- Actividades culturais e de lecer para familias os sábados, que permitan compatibilizar os espazos de fin de semana e a vida laboral.
- Aumento das actividades dos centros municipais que cubran as demandas dos cidadáns, sen necesidades de sorteos e restricións para inscribirse nelas.
- Diversificación das actividades deportivas e formativas, en resposta á crecente poboación da contorna.
- Actividades teatrais e musicais continuas, que permitan unha oferta constante e non só por épocas puntuais.
- Casa museos de personaxes ilustres da cidade con Circuitos históricos.
- Casa da Lingua. Unha mostra da convivencia das linguas como medio de relación e vida, desde o respecto ao propio, e a consideración calquera tipo de linguaxe verbal ou non verbal como unha riqueza.
- Festivais de teatro e cine Cidade da Coruña, que dean un impulso á imaxe internacional da Coruña.
- Utilización dos edificios históricos da cidade para diferentes actividades culturais.
- Abrir Parques temáticos: Xardín Xaponés, Xardín dos Aromas, Xardín da Música.
- Impulsar o recinto arqueolóxico de Elviña, mellora de ofertas e acceso.
- Creación do Parque de Biotecnoloxía e Ciencias da Vida en colaboración coa Universidade, para potenciar as posibilidades da cidade en recursos humanos e materiais.
- Promover a recuperación da memoria histórica, apoiando ás organizacións e asociacións, ademais de eliminar toda simboloxía franquista da cidade segundo a normativa, e facilitar todos os trámites das familias para a exhumación dos restos de familiares asasinados polo franquismo, tanto en fosas comunes como en cemiterios. Redactar unha legislación específica dende o Concello para a dignificación das vítimas do franquismo, e garantir o cumprimento da Lei de Memoria Histórica.

5. Políticas para a mocidade

A atención á mocidade, o soporte das súas inquedanzas e aspiracións é fundamental para Esquerda Unida. A súa participación social provoca cambios fundamentais na opinión pública e a súa empuxe é imprescindible para construír outra cidade posíbel. Por iso EU quere atender a esta poboación nas súas necesidades e aspiracións, fomentando a súa rebeldía e espírito crítico, construíndo con eles alternativas posibles aos seus problemas actuais.

Desde a Concellaría de Mocidade debemos empezar promovendo a participación dos mozos na elaboración de políticas de mocidade. Débese cambiar o concepto de lecer e apostar pola creatividade, pola participación xuvenil e a autoxestión das súas actividades.

Defendemos un novo modelo de goberno para a cidade, baseado na democratización e a participación cidadá moza. Desenvolver modelos de participación xuvenil adaptados á realidade local. Os Devanditos modelos deben ser transversais (incidir en todos os ámbitos da intervención municipal que incumben aos mozos); universais (garantir a representación de todos os sectores, especialmente a participación dos colectivos máis excluídos ou menos informados); flexíbeis (o formato elixido debe adecuarse ás demandas dos propios mozos e ter en conta a traxectoria anterior, traballar sen excesivo formalismo e baseado na tarefa, permitir a participación de mozos non asociados); autónomos (deberían estar capacitados para exercer diferentes funcións respecto da súa interacción coa institución: presión, control, colaboración); demandados (deberían responder a unha iniciativa dos propios implicados).

5.1 Lecer

- Creación dun albergue xuvenil gratuito
- Derogación da Ordenaza municipal para regular a convivencia en espazos públicos, e habilitación de zonas para o ocio nocturno con seguridade, dotadas de todos os servizos necesarios, como saneamento e transporte público colectivo nocturno, que inclúan áreas para actuacións de grupos locais e permitan o desenvolvemento de actividades culturais e deportivas. Fomento da participación de ONG especializadas en mocidade nestes espazos.
- Abrir espazos para o lecer alternativo nocturno, implicando directamente a mocidade no deseño destes programas.
- Fomentar a creación de escolas de animación e tempo libre municipais orientadas a converterse en auténticas escolas de educación para a cidadanía.
- Gratuidade dos mozos a todo tipo de eventos culturais con patrocinio público.
- Pór a disposición das actividades culturais xuvenís os locais dos centros de ensino fóra das horas escolares.
- Xerar espazos xuvenís municipais que xestionen os propios mozos, xa que isto xeraría dinamismo e corresponsabilidade, cedendo espazos públicos.
- Apostaremos polo programa de identidade cultural xuvenil no que enmarcar todos os proxectos de dinamización cultural para a poboación nova: bolsa de artistas novos, rede de intercambios internacionais de artistas, creación dun programa de dinamización musical con estudo de gravación municipal, cun selo discográfico local.
- Desenvolvemento de novas medidas para o desenvolvemento do programa de deporte novo como a construción dun parque para actividades náuticas e o acondicionamento de espazos públicos para o desenvolvemento de novos deportes como o voo de cometas, skate, etc...
- Creación do que denominamos Parede Creativa, enfocada á libre expresión artística das veciñas e veciños con vontade de expor de forma efémera a súa creación artística.

5.2 Participación

- Co obxectivo de fomentar a participación da mocidade Eu propón a creación do consello da xuventude, inexistente en A Coruña.
- Desenvolvemento de programas específicos para a participación xuvenil na elaboración dos orzamentos municipais, especialmente naqueles apartados que incidan directamente sobre a súa realidade (dotacións de mocidade, presupostos actividades...).

- Dotación de recursos económicos que permitan a realización dunha verdadeira política nova participativa e activa. O orzamento de mocidade non pode ser, como ocorre en moitas ocasións, nin o último complemento, nin pode ser xestionado de xeito autoritario e illada da realidade xuvenil polo concelleiro ou concelleira correspondente.
- Accións de sensibilización sobre altermundialismo. Trátase de expor accións dirixidas a cuestionar o modelo neoliberal baixo o lema outro mundo é posible. A institución municipal pode apoiar e promover os movementos xuvenís identificados cos valores de igualdade, solidariedade e xustiza e comprometidos por unha nova globalización xusta e solidaria para que sexan estes os promotores destas accións.
- Organización de semanas da mocidade concibidas como espazo de proposta e iniciativa xuvenil a nivel político, asociativo, participativo, de lecer...
- Campañas de sensibilización sobre a situación de mozas nos chamados países do Sur pondo especial énfase na defensa da Convención Internacional de Dereitos da Infancia, que inclúe a todos os adolescentes e mozos menores de 18 anos, e na denuncia do seu incumprimento. Ademais desde os municipios han de primarse os proxectos de cooperación dirixidos a atender as necesidades de mozas dos chamados países do Sur, facilitando os intercambios xuvenís dos e as mozas do municipio, para que poidan participar de xeito directo en devanditos proxectos, e poidan coñecer de primeira man cal é a realidade e problemas dos e as mozas en espazos máis desfavorecidos.
- Programas formativos en centros de educación secundaria preventivos de situacións de bulling e outras formas de discriminación; Desenvolvemento nos centros culturais, xuvenís e educativos de talleres de habilidades sociais; de convivencia; de interculturalidad.
- Desenvolver campañas e accións formativas orientadas á igualdade e prevención dos malos tratos de xénero entre as persoas novas.
- Participación dos municipios no financiamento do voluntariado xuvenil en proxectos de cooperación.
- Fomentaremos a creación do servizo de Asesoría á Mobilidade Xuvenil como ferramenta de desenvolvemento dos intercambios xuvenís da poboación local, desenvolvendo os programas de acción en Europa, Leonardo, campos de traballo internacional e complementando economicamente as axudas que sexan necesarias en cada caso.
- Programa de bolsas sociais dos e as mozas do municipio orientadas á participación en proxectos de voluntariado, acción social, cooperación,...

5.3 Emprego e servizos

- Creación de servizos e programas de orientación vocacional dirixidos aos e as mozas nos centros educativos de cada municipio, garantindo un horario de atención amplo e alcanzable. Ademais, iso debe combinarse co desenvolvemento de campañas de sensibilización sobre os dereitos laborais e sindicais en institutos e escolas de Formación Profesional
- Desenvolvemento de servizos municipais de asesoramento e orientación laboral, en contacto e cooperación coas oficinas do emprego. Realización de programas conxuntos de formación e inserción laboral, potenciando especialmente o primeiro emprego cun plan de emprego xuvenil orientado á procura dun primeiro emprego, dando prioridade ao traballo estable, e tratando de evitar a temporalidade tan elevada que se dá no municipio.
- Creación dunha bolsa de emprego novo municipal. Descontos de impostos municipais ás iniciativas novas ou a aquelas empresas que favorezan a incorporación dos e as mozas ao mercado laboral en condicións dignas e equiparables ao resto dos e as traballadoras.
- Promocionar e dotar de bolsas aos mozos investigadores cuxo traballo teña relación coa cidade.
- Renuncia dos concellos á utilización de subterfuxios como bolsas, prácticas non remuneradas, etc. como mecanismo para contratar mozos sen remuneralos adecuadamente. Diferenciación entre traballo, prácticas e bolsas. Toda persoa nova que realice un traballo en igualdade de condicións e situacións con calquera outro traballador ha de ser remunerado de

xeito similar, de acordo cos convenios colectivos existentes e en defensa da dignidade dos traballadores e traballadoras.

- Subencionar o transporte para aqueles alumnos que necesiten utilizar o transporte público colectivo municipal para desprazarse até o seu centro de estudos, creando un cartón bono-bus para estudantes.

5.4 Mocidade, saúde e sexualidade

- Desenvolvemento dun programa en materia de Educación e Atención afectivo- sexual que englobe desde o asesoramento ata a atención xinecolóxica, pasando pola expedición da pilula do día despois en todos os centros de saúde de forma gratuíta.
- Desenvolvemento de campañas e servizos de educación sexual en centros educativos co fin de previr ETS e embarazos non desexados.
- Fomento de campañas municipais que incidan nunha educación sexual integral, non heterocentrista nin patriarcal. Talleres e cursos gratuítos que ensinen ás persoas novas a vivirla de xeito natural, como un mecanismo de comunicación e de empatía, fuxindo tanto da tradicional asociación ao pecado como da concepción da sexualidade como reto e competencia. Defensa da sexualidade e o seu disfrute como unha parte do desenvolvemento persoal e a emancipación das persoas novas nos diferentes centros municipais de mocidade.
- Desenvolvemento de campañas e servizos descentralizados de educación sexual en centros educativos co fin de previr ETS e embarazos non desexados, difundindo información sobre os centros de recursos locais dispoñibles.
- Talleres de masculinidade que axuden a deconstruír o mito heterocentrista e androcenrista, á vez que mostre aos mozos a existencia de modelos alternativos de masculinidade. Talleres de empoderamento e sexualidade para mulleres novas. Entre ambos se debe axudar a deconstruír os mitos patriarcales de submisión, pracer erróneo, etc... garantindo unhas relacións equitativas entre persoas.
- Talleres de diálogo intraparella, asesoramento psicolóxico e sexolóxico individualizado sobre a propia vida sexual.
- Introducción de educación sobre a diversidade nas escolas e institutos, mediante talleres, actividades lúdicas, charlas... que incidan na naturalidade da diversidade, desvinculando diverso de diferente.
- Acceso plenamente gratuito a anticonceptivos, destacando a non vinculación obrigada entre sexualidade e reprodución. Incidencia na necesidade de utilización deses anticonceptivos, con discursos non construídos baixo perspectivas diferenciadas de roles de xénero, senón incidindo na corresponsabilidade dos riscos. Recordatorio da importancia dalgúns anticonceptivos (como os preservativos) como mecanismos de protección de ETS.
- Habilitación das habitacións de albergue para xuvenís municipais para que resulten espazos alcanzables ás persoas novas sen espazos propios para a súa vida íntima. Utilización deses espazos como lugares de información e asesoramento.

5.5 Mocidade e vivenda

- Bolsas municipais de vivendas en aluguer para ofertas privadas mediante a firma de convenios con particulares que favoreza a diminución do prezo do aluguer a cambio de garantías para o arrendador reducindo o seu IBI. Ao tempo que se aplica un recargo do 50% no IBI nas vivendas baleiras e fóra do mercado por cuestións meramente especulativas. Ademais debe existir unha reserva pública de vivendas de aluguer para situacións especiais.
- Plans municipais específicos para facilitar o acceso á vivenda das persoas novas.
- Plans de vivenda en réxime de aluguer ou propiedade dirixidos a mozas. Especial atención á creación de sistemas de vivenda de baixo custo con servizos comunitarios compartidos e con zonas de uso colectivo para a dinamización cultural que favorezan a emancipación e os procesos de participación entre a cidadanía. Cambiar mediante o urbanismo o modelo de cidade individual existente en favor de municipios abertos, plurais, diversos e colectivos.
- Creación dun parque público de vivendas que facilite o acceso as mesmas á mocidade.

6. Infancia

Os Gobernos locais teñen competencias, en función do artigo 25 da Lei de Bases de Réxime Local, en áreas que afectan directamente ao benestar e ao desenvolvemento dos nenos, tales como seguridade, ordenación do tráfico, xestión urbanística, parques e lugares de lecer, programas de prevención e atención sanitaria primaria, actividades de lecer e tempo libre, programación do ensino, transporte público.

Son os gobernos locais as institucións que antes detectan as violacións dos dereitos da infancia e que máis e mellor traballan en programas de prevención dirixidos á infancia nos ámbitos sanitario, educativo e ambiental. O labor dos gobernos locais é fundamental para investir no presente e futuro da infancia, que representa case o 20% do total da poboación.

É necesario realizar un esforzo entre todos para incluír á infancia entre as prioridades da axenda política e social a nivel local e a nivel autonómico porque:

- O desenvolvemento da saúde da infancia, da súa educación e da súa participación activa é crucial para o futuro de calquera sociedade.
- A súa dependencia e o seu estado de desenvolvemento failles particularmente vulnerables, polo que son máis sensibles que os adultos ás condicións baixo as que viven, talles como a pobreza, a infravivenda ou a contaminación.
- Os nenos e as nenas tamén son máis sensibles ás accións ou omisións dos gobernos que calquera outro grupo.
- Contribuír a que a infancia teña a capacidade para influír sobre as decisións que se tomen na súa localidade.
- Abrir canles para a súa opinión sobre o municipio que os nenos e nenas queren.
- Promocionar a súa participación na súa familia, comunidade e na vida social.
- Garantir que todos os nenos e nenas reciben servizos básicos como saúde, educación e protección sen discriminación.
- Establecer medidas para promover a súa protección da explotación, a violencia e o abuso.
- Impulsar políticas urbanísticas e de seguridade que lles permitan pasear e xogar en contornas seguras.
- Establecer as medidas necesarias para que poidan desenvolverse nunha contorna cun medioambiente saudable non contaminado.
- Facilitar a súa participación en eventos sociais e culturais.
- Garantir a todos os nenos e nenas a oportunidade de ser un cidadán igual aos demais, con acceso a calquera servizo, independentemente da súa orixe étnica, relixión, nivel económico, xénero ou discapacidade
- Garantir prazas de gardería dabondo para cubrir a ampla demanda desta cidade, xa sexa ampliando o número de prazas das actuais ou construíndo novos centros.

Os concellos de EU adheriranse á Rede de Municipios pola Infancia. Desde EU apoiaremos e fomentaremos:

- O desenvolvemento de órganos estables de participación infantil nos municipios.
- A elaboración de plans municipais de infancia establecendo prioridades e metas baseadas nas necesidades específicas da infancia en cada localidade.
- O compromiso de manter ou optimizar os recursos económicos destinados ás políticas e servizos de familias e infancia nos municipios.

7. Persoas con discapacidade

- Realización dun Plan Integral para favorecer a independencia e promoción das persoas discapacitadas.
- Desenvolvemento de políticas locais, para crear novos xacementos de emprego, para persoas discapacitadas.
- Creación suficiente de prazas públicas de rehabilitación, e programas de lecer e tempo libre.
- Esixir o cumprimento estrito, nas ofertas de emprego, público e privado, da porcentaxe para persoas con minusvalía.
- Integración laboral. Desenvolvemento de Plans de Emprego en coordinación con Axencias Locais de Emprego.
- Supresión de barreiras arquitectónicas e accesibilidade: plans e actuacións de eliminación de barreiras, novas construción, edificación, etc., con medidas de accesibilidade.
- Axudas: transporte en taxi de gravemente afectados, etc.
- Regulación dos cartóns de estacionamento de vehículos para persoas con mobilidade reducida.
- Creación de prazas públicas e suficientes en centros residenciais, centros ocupacionais e centros de día
- Apoio a familias con programas de descanso e de formación.



ANEXO I

PROPOSTAS DA ASOCIACIÓN VÉSPERA DE NADA POR UNHA GALIZA SEN PETRÓLEO ASUMIDAS POR ESQUERDA UNIDA – OS VERDES PARA PREPARAR A CIDADE FRONTE O TEITO DO PETRÓLEO

Economía

- Incorporar unha avaliación de sustentabilidade e resiliencia fronte ao Teito ao proceso de selección de empresas de nova creación asesoradas polo concello.
- Dar charlas a empresas de nova creación e ás xa existentes sobre o Teito e as súas consecuencias, enfocándoas sobre todo ás consecuencias para os negocios e a economía local. Incidir no concepto de resiliencia.
- Promover a creación de empresas sustentables e resilientes mediante un programa específico. Apoiar iniciativas empresariais non dependentes do petróleo.
- Fomentar a reconversión de empresas dependentes directa ou indirectamente do petróleo. Elaborar unha guía para esa reconversión, subvencionar auditorías de dependencia, ofrecer asesoramento para o proceso de adaptación, etc.
- Fomentar a reorientación das empresas produtiva cara o consumo local.
- Apoiar economicamente proxectos empresariais que fornezan produtos substitutivos aos importados.
- Favorecer a creación de empresas de servizos que non impliquen elevados consumos materiais e de enerxía.
- Crear un banco de tempo municipal de amplo alcance para mobilizar a parados, estudantes, xubilados, etc.
- Crear bancos municipais de alimentos e produtos de primeira necesidade. Os alimentos deberían vir preferentemente dos hortos urbanos e de produtores de proximidade.
- Crear bancos de terra en zonas urbanas e perirurbanas para poñer en contacto a propietarios de fincas potencialmente produtivas e a urbanitas interesados na produción hortícola.
- Revisar política de compras municipais priorizando o abastecemento en mercados e produtores locais. Apoio ás redes locais de distribución de alimentos, e ás cooperativas de consumo ecolóxico e local.
- Reforzar o comercio de proximidade, sobre todo o alimentar e de produtos de primeira necesidade. Contribuír ao establecemento de redes locais de subministro.
- Definir un área ao redor da Coruña de especial promoción agrícola-gandeira ecolóxica, e de cultivo e recolección de moluscos e de pesca artesanal.
- Revisar todos os planos de investimento público municipal baixo un escenario permanente de petróleo caro.
- Estudar a creación dunha empresa municipal de electricidade.
- Fomentar economicamente e burocraticamente a xeración eléctrica para autoconsumo, tanto de familias como de empresas e outras entidades.
- En todas aquelas medidas en las que se traballe con fontes locais e resilientes, cuantificar o aforro para o municipio (e para os veciños) que implica usaren esas fontes, como medio para demostrar que as medidas melloran de feito a economía do municipio nesta época de dificultades.
- Fomentar a integración dos parados, sobre todo os de longa duración, en novos oficios e servizos “para a resiliencia”. Ofrecer incentivos para a recuperación de oficios que impliquen reparación, mantemento, e reciclaxe local de materiais usados. Integrar os puntos limpos da cidade con estes servizos.

Urbanismo

- Revisar a normativa urbanística para en clave de Teito:
- Desincentivar a construción de espazos de lecer, consumo ou servizos na periferia.
- Facer posible para todos os coruñeses/as residir traballar, comprar, pasear, ter espazos de lecer no mesmo barrio ou nun contiguo. Repensar a estrutura da cidade para volver a un modelo de usos mesturados, diversos e densos e a vida en proximidade: residencia, escola, traballo, lecer, comercio e transporte cara ao exterior a menos de 10 minutos a pe.
- Fomentar a instalación de paneis solares nos edificios, miniturbinas eólicas e outros sistemas de autoabastecemento enerxético, subvencionando a súa instalación ou achegando créditos. Procurar que se faga por medio de empresas locais que traballen neste sector.
- Promover o illamento das vivendas, o aproveitamento solar pasivo e penalizar o seu consumo enerxético.
- Aplicar reformas bioclimáticas e de eficiencia enerxética aos edificios municipais.
- Promover a residencia no centro das cidades: aluguer de casas baleiras, aluguer de cuartos.
- Aumentar o número de espazos verdes e a súa extensión.
- Remodelar os espazos verdes existentes non históricos cara aproveitamentos en forma de hortos urbanos.
- Recuperar hortos até hai pouco (ou aínda) produtivos (por exemplo: San Pedro de Visma, Elviña, A Zapateira...).
- Fomentar a agricultura urbana ecolóxica mediante campañas, cursos, incentivos diversos, cesión de espazos e apeiros, subvención de sementes, etc.
- Aproveitar fincas non utilizadas (públicas ou privadas) para a creación de hortas urbanas comunitarias.
- Implantar sistemas de tratamento de residuos sólidos e de augas residuais sostibles e autosuficientes, reconvertendo as plantas municipais. Aproveitar o residuo seco obtido tras o tratamento de augas residuais para a agricultura. Compostar e reciclar ao máximo, establecendo plantas de procesamento local dedicadas a esta función.

Transporte

- Poñer en marcha medidas diversas para desincentivar o uso do transporte privado (coche).
- Penalizar o acceso en coche a áreas da cidade onde existe alternativa para acceder con transporte público. Priorizar o acceso a pé ou en bici.
- Crear ou ampliar estacionamentos anexos as estacións de autobuses e tren (aproveitando que están relativamente próximas podería estudarse crear un compartido por ambas as dúas), para promover que a xente saia/entre da cidade por eses medios.
- Limitar as zonas de aparcamento no centro, dando como alternativa o estacionamento nos arredores promovendo a comunicación mediante transporte público.
- Implantar tarifas diferenciadas de estacionamento, en función dos lugares de maior sobrecarga de tráfico de automóviles.
- Crear unha rede de carrís bici ampla e útil que permita percorrer toda a cidade. Facilitar e promover o uso da bicicleta.
- Darlle en toda a cidade preferencia a bicis e autobuses fronte a outros vehículos. Sobre estes, preferencia aos peóns. Dar prioridade na planificación do uso do solo e dos sistemas de transporte, así como no seu financiamento, aos peóns e aos ciclistas.
- Aumentar o número e frecuencia do transporte público.
- Modificar o maior número posible de buses urbanos para funcionaren con aceite reciclado. Promover unha rede de recollida de aceite usado doméstico, nos negocios de restauración, comedores de centros públicos e de traballo, industriais, etc. para reciclalo nunha planta local que abastecería estes buses.

- Abaratar as tarifas do transporte público para todos os cidadáns, facéndoo gratuíto ou case a colectivos máis desfavorecidos.
- Facer un estudo para avaliar a posible eficiencia enerxética dun sistema de microbuses baixo demanda complementario ás liñas permanentes. Estudar en cada liña e horario se é máis eficiente a substitución de buses por microbuses máis frecuentes.
- Incentivar un transporte de mercancías dentro da cidade que optimice percorridos para aforrar combustible (empregando p.ex. sistemas informatizados), con camións máis pequenos alimentados con aceite vexetal local na medida en que vaia estando este dispoñible, e mediante trens para a saída/entrada de mercancías fóra da cidade.

Fiscalidade

- Revisar todos os tributos municipais até onde permita a lexislación para penalizar aquelas actividades que obstaculicen a transición enerxética, e rebaixar ou anular as taxas a aquelas que a favorezan.
- Aumentar de maneira importante as taxas de vehículos a motor para os coches, con excepcións debidamente xustificadas cando non exista alternativa de transporte municipal.
- Reducir a fiscalidade aos comercios de proximidade e pequenas tendas, sobre todo de alimentación e produtos necesarios.
- Penalizar a publicidade de marcas e empresas non locais, dando prioridade ás locais. Fomento dun cambio cultural con respecto ao consumo.
- Favorecer fiscalmente as empresas que faciliten o teletraballo para evitar o desprazamento dos seus traballadores de fóra da cidade.
- Favorecer fiscalmente o aluguer e compartición de equipamento como alternativa á venda, e para favorecer a ampliación da vida útil dos produtos e maquinaria.

Difusión e concienciación cidadá. Outros

- Colaborar activamente para que se realicen charlas, xornadas, actividades formativas, actividades escolares, proxeccións de documentais... vencelladas con:
 - O Teito do petróleo.
 - O aforro enerxético.
 - A resiliencia comunitaria.
 - Habilidades útiles nun mundo sen petróleo.
 - Agricultura natural/ecolóxica/tradicional.
 - Permacultura.
 - Decrecemento.
 - Autoprodución e conservación de alimentos.
 - Compostaxe caseira.
 - Fomentar a cultura de que só é preciso poseer aquilo que é verdadeiramente persoal, e que o resto é máis eficiente compartilo (bens comunitarios) mediante aluguer e outros sistemas.
- Crear un centro municipal de referencia permanente sobre estas cuestións, a modo de granxa-escola urbana, centro de experimentación e difusión, centro de demostración de técnicas sustentables, etc. Preferiblemente ubicado nalgún espazo xa existente e infrautilizado ou utilizado para outras cuestións menos prioritarias. Podería crearse unha especie de Axencia Municipal para a Transición Enerxética.
- Facer reunións urxentes con todo tipo de asociacións, empresas, centros de ensino, medios de comunicación local, etc. explicando claramente os posibles escenarios aos que se enfrontarán. Facer unha moción pública sobre o asunto, marco para todas as actuacións incluídas neste documento e outras que houber.
- Unirse á rede de Cidades en Transición (Transition Towns).

- Declarar A Coruña zona libre de transxénicos: prohibición dos transxénicos para conservación da biodiversidade e a independencia de empresas e insumos de fóra.
- Adoptar o Oil Depletion Protocol.
- Instalar paneis concienciadores en lugares estratéxicos da cidade con lemas sobre o Teito do petróleo e a prol do aforro enerxético. Instalar nun lugar de moito paso de vehículos un panel LED alimentado por enerxía solar que amose o prezo do barril de petróleo de maneira actualizada e gráficas da súa evolución en diferentes períodos (1 mes, 6 meses, 1 ano, 5 anos).



ANEXO II

PROPOSTAS PARA UN FUTURO ECOSOCIALMENTE SUSTENTABLE DA COORDINADORA GALEGA DE ORGANIZACIÓNS NON GOVERNAMENTAIS

Tendo en conta que a crise que hoxe vivimos é consecuencia dun modelo económico inxusto que afecta sobre todo aos sectores máis vulnerables da sociedade, estamos nun momento determinante, unha oportunidade de cambio que amose que a mellor saída da crise é a solidariedade internacional baseada nun sentido da xustiza, co reforzo de políticas que poñan en valor o decrecemento do hiperconsumo, o reforzo das producións orgánicas e sustentables, a economía produtiva fronte a especulativa e o valor da cooperación fronte á competitividade.

O 22 de maio do 2011 celebráronse eleccións municipais en Galicia. Os concellos galegos teñen responsabilidade directa e amplas competencias para desenvolver actuacións activas para a promoción dos dereitos humanos e a sustentabilidade ambiental do noso país. A magnitude da crise socio-ambiental global, exemplificada polo xa perceptible cambio climático, a perda xeneralizada de biodiversidade, e a insustentabilidade do actual modelo económico baseado na explotación ilimitada dos recursos do planeta e das persoas, é de tal dimensión que esixe un cambio radical nas políticas desenvolvidas por todas as administracións e, moi especialmente, polos Concellos, polo seu alto grado de responsabilidade na promoción da xustiza social e da xestión medioambiental a nivel local.

Estas eleccións supoñen unha gran oportunidade e unha grande responsabilidade para que todos os partidos políticos se comprometan a que as administracións dean un xiro as súas insustentables políticas no ámbito municipal, reflexionando arredor dos efectos que sobre o global teñen tamén as súas accións no ámbito local. Para iso, organizacións agrupadas na Coordinadora Galega de Organizacións Non Governamentais para o Desenvolvemento, asinamos o presente documento cunha serie de propostas concretas, factibles e realistas, que se deben aplicar en calquera concello, e que facilitarían a transformación da actual crise ambiental e social.

Estas propostas teñen como base catro principios básicos:

1. Solidariedade en termos de xustiza ecosocial

Millóns de persoas no mundo non teñen ningún tipo de alternativa, carecen hoxe do máis básico, sofren violencia, son discriminadas, padecen enfermidades que aquí nin sequera coñecemos, sofren as máis severas consecuencias da degradación ambiental ou están condenados á ignorancia e apartados da toma de moitas decisións que condicionan as súas vidas (especialmente mulleres e nenos). Falar de xustiza social, significa que non podemos manternos ao marxe desa situación sen facer nada ao respecto ou, o que é peor, promovendo e apoiando políticas insolidarias e agresivas cos países máis vulnerables, non podemos nin debemos permitir que algo tan discrecional como nacer nun ou outro lado do planeta condicione a vida de tantas persoas. A solidariedade entendida en termos de xustiza ecosocial debe ser agora máis que nunca un valor en alza, e a cooperación cos países empobrecidos unha obriga ética e moral.

2. O actual modelo económico é social e ambientalmente insustentable

O modelo económico actual non pode manterse indefinidamente no tempo, nin moito menos xeneralizarse aos países empobrecidos. Calquera proxecto político responsable debe buscar a xustiza social e o desenvolvemento sustentable da cidadanía, supeditando o desenvolvemento económico á capacidade dos ecosistemas para renovar os seus recursos naturais e asimilar as emisións contaminantes, promovendo tanto o decrecemento do hiperconsumo como asignando os recursos e tecnoloxías necesarias para acadar isto, sen aceptar presións de grupos de poder nin esgrimindo falsos pretextos de tipo financeiro ou de deficiencia tecnolóxica para alongar os períodos de transición cara este modelo sustentable que xa é posible.

3. Un compromiso de cambio de dimensións estratéxicas

É imprescindible que se comprenda que a degradación do medio ambiente constitúe unha forma de privación de capacidades que afectan directamente á calidade de vida das persoas sendo preciso que as actuacións en temas de cooperación e desenvolvemento incorporen transversalmente desenvolvemento humano e sustentabilidade ambiental como conceptos indivisibles.

Sen unha firme vontade política de reformulación do modelo socioeconómico, incorporando actuacións proactivas que inclúan os dereitos humanos, a xustiza social e o medio ambiente de xeito transversal, calquera política social quedará baleira de contido, sexa cal for o programa que a vertebre.

Recoñecer e asumir a política de cooperación para o desenvolvemento como unha política pública é unha responsabilidade dos Concellos, sendo así que nos últimos anos, a cooperación descentralizada experimentou un crecemento cuantitativo e cualitativo considerable, adquirindo importantes compromisos orzamentarios de cara á consecución do 0,7% para programas de cooperación ao desenvolvemento, mellorando as capacidades técnicas dos actores que interveñen, creando órganos de consulta e participación da sociedade civil e desenvolvendo instrumentos de planificación estratéxica.

4. Políticas de Participación e transparencia efectivas e reais

A participación é un dereito e como tal debe ser recoñecido e facilitado a todos os axentes sociais, e a transparencia un deber e como tal é esixible en todos os ámbitos da Administración Pública. Débese ademais recoñecer o papel das ONGD como actores relevantes na política de cooperación para o desenvolvemento, evitando o uso instrumental e partidista do sector e apoiando o seu fortalecemento.

As propostas que elaboramos a partir destes principios constitúen unha “folla de ruta” con accións específicas que son, no seu conxunto, imprescindibles para lograr que a administración local mellore a calidade de vida da cidadanía, promova o desenvolvemento dunha cidadanía global e crítica, e avance cara á sustentabilidade ambiental, social e económica. Queremos destacar dez medidas concretas que aquí e agora poden significar o punto de inflexión que a nosa comunidade necesita para avanzar cara un futuro realmente sustentable ambiental e socialmente. Convidamos a todos/as os candidatos/as a estas eleccións a sumarse a elas.

PROPOSTAS POLA XUSTIZA SOCIAL E A SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL MEDIDAS PARA FACER UNHA POLÍTICA MUNICIPAL GALEGA ECOSOCIALMENTE SUSTENTABLE

1.- Garantir unha política municipal de cooperación ao desenvolvemento reservando no programa electoral, un apartado claro denominado “Cooperación Internacional”, “Acción Humanitaria”, “Solidariedade”, ou outra denominación, onde se explicita a vontade de asumir esta política e onde se detallan as principais liñas de acción para a lexislatura, orientada á consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM) sen estar condicionada por outros intereses políticos ou económicos, promover e cumprir o Pacto Galego contra a Pobreza asinado por todos os partidos políticos con representación no Parlamento de Galicia o 16 de outubro do 2010, así como traballar para a consecución de pactos locais que sustenten, reforcen e amplíen os xa asinados autonómico e estatal.

2.- Os Concellos teñen moito que dicir na promoción dun consumo responsable e deben ser exemplo en boas prácticas neste tema. É importante lembrar que os países do norte somos co-responsables da situación de pobreza que viven moitos países debido en gran medida polo consumismo existente. Desde o local os concellos teñen a obriga de facer as xestións oportunas para evitar o consumo e produción de organismos xeneticamente modificados ou doutro tipo que poidan poñer en risco a saúde, de promover unha agricultura sustentable e local, de facilitar información e formación aos cidadáns para que sexan consumidores/as críticos e responsables.

3.- Establecer un obxectivo de redución do 20% no consumo de enerxía ao final da lexislatura nos concellos, a través de políticas de aforro, eficiencia e xestión da demanda e aumentar a

xeración con enerxías renovables en detrimento das fósiles. Para iso habería que fixar obxectivos concretos verificables para cada tipo, co fin de facer fronte ao cambio climático, lembrando que somos os países do Norte os máximos contribuíntes a este problema e que sen embargo os máis vulnerables antes os efectos derivados do mesmo son os países do Sur.

4.- Adquirir o compromiso público de defender, nas instancias públicas estatais e internacionais ás que se teña acceso (parlamento e senado estatal, parlamento europeo, etc.), a redución ou condonación da débeda externa, a redución drástica do gasto militar e a súa transformación en inversións sociais e a imposición de taxas ás transaccións financeiras e a eliminación dos paraísos fiscais, así como a promoción e cumprimento da Responsabilidade Social Corporativa (RSC) en prol dunha mellora das condicións de vida dos máis pobres.

5.- Esixir o cumprimento da directiva de augas residuais que obriga aos núcleos de poboación de máis de 2000 habitantes a tratar as súas augas. Da mesma forma, esixir o cumprimento da lei de protección da calidade das augas das rías de Galicia e de Ordenación do servizo público de depuración de augas residuais urbanas, que regula o tratamento de ditas augas. Verificar o cumprimento das normativas de depuración das augas residuais industriais. Asimesmo é importante a promoción dunha política de aforro na utilización do recurso auga incidindo no privilexio que temos cando máis de mil millóns de persoas non teñen acceso á auga potable e cada ano morren 1,8 millóns de habitantes debido á falta de hixiene, saneamento ou subministro de auga.

6.- Adquirir un compromiso municipal de cara a un urbanismo sustentable, modelos de "cidade para os cidadáns", deseñado de xeito participativo, xa que este deberá servir para planificar, organizar e ordenar edificios e espazos nas cidades e os seus contornos e non como medida especulativa cuxas consecuencias ambientais son graves e a destrución de ecosistemas, especialmente en zonas costeiras, é irrecuperable. Deben aplicarse pautas procedimentais comúns particularizando os aspectos esenciais que poderían servir de forma máis eficaz para defender o territorio".

7.- A única solución para frear o crecemento progresivo dos residuos pasa por implantar políticas realmente comprometidas e ambiciosas, baseadas na redución real da produción de residuos. Establecer instrumentos e medidas que incentiven a redución, a reutilización e o reciclado de residuos por esta orde. Apostar pola compostaxe como a solución máis viable para a xestión da materia orgánica, implantando plans de compostaxe municipais e acadando ao final da lexislatura unha participación do 40% da poboación nestes programas e rexeitar todo proxecto de incineración.

8.- Cumplir a Lei, facilitando activamente a participación pública das organizacións de desenvolvemento, e potenciar o seu papel como vehículos de participación e sensibilización. Crear Consellos de Cooperación municipais ou no seu lugar, impulsar os consellos comarcais como espazos de participación directa da cidadanía na política de desenvolvemento.

9.- Elaborar Plans de Mobilidade Sostible integrados no desenvolvemento das áreas metropolitanas, que faciliten o acceso ao transporte público e que fomenten o transporte non motorizado en zonas urbanas, limitando o uso do transporte privado e promovendo tamén programas de conexión e transporte público coas parroquias rurais menos poboadas, na busca dun equilibrio e solidariedade inter-territorial tamén nos concellos.

10.- Impulsar de xeito significativo a Educación para a Sustentabilidade e a Cidadanía Global, traballando conxuntamente coas ONGD, para promover unha conciencia crítica nos cidadáns e que se comprometan de cara á transformación das relacións desiguais e injustas.

ANEXO III

PROPOSTAS DA ASOCIACIÓN ANIMALISTA LIBERA RECOLLIDAS NO MANIFESTO POR OS ANIMAIS

INTRODUCCIÓN

Aos cidadáns fáisenos familiar unha expresión utilizada con frecuencia na política: "Folla de ruta". Suponse que nela se desglosan os prazos para todas e cada unha das accións de goberno que figuran no programa.

As propostas animalistas, lonxe de empobrecer a declaración de intencións dun partido político ou de implicar a falta de atención ante outros problemas, supoñen unha riqueza en si mesmas, traendo consigo beneficios en áreas aparentemente alleas ao maltrato animal, pero profundamente relacionadas co mesmo.

TOURADAS

O financiamento de espectáculos crueis como as touradas continúa a ser unha constante nalgunhas vilas galegas. Resulta evidente que sen achegas económicas, a realización de festexos taurinos non tería lugar na nosa sociedade. É prioritario rescindir o uso de fondos públicos para actividades nas que se tortura animais como parte dun ocio macabro.

COMERCIO

O comercio de animais de compañía supón un lucrativo negocio para empresas e cidadáns particulares que deciden criar seres vivos de maneira alarmante. Estes negocios tamén son a principal causa do abandono de animais, que en Galicia superou os 8000 seres en 2010, unha cifra escandalosa.

É necesario restrinxir o comercio e a apertura de novas tendas, ademais de vetar a exhibición pública destes animais co obxectivo de evitar as compras compulsivas.

MONTES

A colocación das coñecidas como "pexas" nas patas dos cabalos, a morte violenta doutros animais por mor de disparos ou puñaladas, a caza, os lazos, merecen unha resposta contundente por parte das administracións.

É necesario impulsar fórmulas supramunicipais que permitan esixir á Xunta de Galicia medidas drásticas contra os crimes da fauna en liberdade nos montes galegos.

ABANDONO

O cumprimento da lexislación vixente en materia de protección animal é nulo en grande parte dos concellos. A pesares de ter competencias en materia de recollida e custodia de animais abandonados, poucos consistorios asumen tales obrigas, coa conseguinte carga de traballo sobre entidades non lucrativas. O abandono é problema de tod@s. Hai que crear sinerxías entre o tecido asociativo e as institucións, apoiando campañas de esterilización dos animais da rúa, construíndo refuxios supramunicipais e rexeitando o sacrificio a favor dunha política eficaz de adopcións.

CIRCOS

A utilización de seres vivos, salvaxes ou domésticos, no século XXI supón condenar a centos animais a unha vida chea de sufrimento e situacións alleas ao seu comportamento natural.

Leóns saltando aros de fogo, elefantes malvivindo na parte traseira dun camión, ou simios e xirafas adestrados a paos son algúns dos exemplos da penosa existencia dos animais nos circos. É prioritario vetar o acceso destes espectáculos ambulantes nos termos municipais. Ningunha vila galega pode permitir o maltrato dos circos que empreguen animais.

É O MOMENTO

As vindeiras eleccións municipais, do 22 de Maio, son unha oportunidade única para apostar pola protección e defensa dos animais. Necesitamos políticos comprometidos, que crean nas súas propostas e nas súas posibilidades de acadar máis dereitos para os seres vivos. Este manifesto pretende crear unha reflexión acerca do tratamento que damos aos animais, e da protección que dende os concellos galegos se lles facilita, ou se tenta facilitar.

As touradas, os circos, o abandono, o comercio, a crueldade cos animais ceibes, e tamén a violación sistemática da lexislación actual son retos que debemos afrontar con valentía e cunha postura animalista.

Só desta maneira poderemos dicir que avanzamos como sociedade e país.



ANEXO IV

PROPOSTAS DAS PRINCIPAIS ORGANIZACIÓNS ECOLOXÍSTAS GALEGAS RECOLLIDAS “NUN PROGRAMA POLA A TERRA”

O vindeiro día 22 de maio de 2011 celebráranse eleccións municipais en Galicia. Coa presentación deste documento as organizacións ecoloxistas máis representativas do ámbito galego —**Amigos da Terra**, a **CEMMA** (ADEGA, ANABAM, CES, Erva, Hábitat, SGHN) e a **Federación Ecoloxista Galega** (ADEGA, ADENCO, APDR, Asemblea do Suído, CES, Coto do Frade, Guerrilleiros das Fragas, Grupo Naturalista Hábitat, Luita Verde, MEL, Naturviva, Néboa, Niño de Azor, Oureol, Vaipolorío, Verboxido, Verdegaiá, XEVALE)— queremos salienta a importancia crucial dos Concellos (por mor das súas responsabilidades e competencias) á hora de realizar actuacións tendentes a acadar un modelo ecoloxicamente sustentábel no noso país. Debido á enorme magnitude da crise ambiental global, causada por un modelo social inxusto que explota de xeito ilimitado o noso planeta finito (os seus recursos materiais e as súas formas de vida), perceptíbel -entre outros moitos factores e indicadores de deterioración- no cambio climático da Terra e na perda a pasos de xigante de biodiversidade, consideramos preciso e urxente un cambio profundo nas políticas desenvolvidas polas Administracións Municipais: ben por posuíren un alto grao de implicación na xestión medioambiental a nivel local, ben pola súa estreita relación e proximidade coa cidadanía. Así, estas eleccións supoñen unha grande oportunidade para que tódalas organizacións políticas se comprometan a que os Concellos muden as súas insostíbeis políticas na súa contorna de actuación, reflexionando arredor dos efectos que sobre o global teñen tamén as súas accións no ámbito local. Para iso, as organizacións ecoloxistas asinantes achegamos este Programa pola Terra, cunha serie de propostas concretas, factíbeis e realistas destinadas a seren aplicadas en calquera municipio e permitiren a transformación das nosas sociedades.

Estas propostas vertébranse arredor de tres principios fundamentais:

a) O actual modelo económico e social é inxusto e insostíbel

Todo proxecto político responsábel debe supeditar o desenvolvemento socio-económico á capacidade dos ecosistemas para renovar os seus recursos naturais e asimilar os impactos ambientais, amais de apostar polo obxectivo da xustiza social. Deste xeito, tendo en conta as circunstancias sociais locais, debe tender a reducir a súa pegada ecolóxica a través da mantenza e creación de usos e explotacións sustentábeis. Os concellos deben minguar o consumo de materiais e enerxía baixo criterios de ecoeficiencia, frugalidade e contención, co gallo de garantir o benestar de tódolos cidadáns e seres vivos que partillan connosco o planeta.

b) É necesario un compromiso de cambio de dimensións estratéxicas

A crise ambiental é sistémica, polo que para a resolver de forma satisfactoria no seu conxunto é necesario ir alén da aplicación de simples medidas correctoras e encetar unha profunda mudanza do modelo de produción e consumo. Promover a sustentabilidade ecolóxica é moito máis que crear parques naturais, construír depuradoras ou tratar o lixo. Sen unha firme vontade política de se reformular o modelo socioeconómico, calquera política ambiental quedará baleira de contido, sexa cal for o programa que a vertebre.

Por este motivo faise imperiosa a incorporación de políticas ambientais de maneira transversal, coa fin de lograr unha sociedade perdurábel no tempo.

c) Participación e transparencia non poden quedar só en verbas

Para avanzarmos cara á sustentabilidade ecolóxica e a xustiza social, debemos construír unha democracia participativa que non limite a participación nos asuntos públicos ás convocatorias electorais. A participación é un dereito da cidadanía recoñecido na propia Constitución, mais cuxo exercicio vese moi limitado polos poderes públicos. Persisten ademais, vicios que degradan gravemente a calidade de vida democrática como o clientelismo no uso dos fondos públicos, a subordinación a intereses empresariais contrarios ao interese colectivo, a ocultación

de información, o baleirado de contido dos limitados mecanismos de participación pública existentes ou a confusión entre o institucional e o partidario.

En particular, é fundamental mellorar a comunicación e o diálogo entre asociacións e colectivos coa Administración Local. A transparencia é un deber e como tal, é esixíbel en tódolos ámbitos da Administración Pública. Para garantir e facilitar o acceso da sociedade e as ONG á información xerada pola Administración Local e os procedementos administrativos relacionados con calquera ámbito das actuacións con incidencia medioambiental, débese levar á práctica real a aplicación da transposición do Convenio de Aarhus. A participación pública da sociedade nos labores de sensibilización social, así como na aplicación das políticas ambientais do concellos galegos, é fundamental para que a sociedade sinta o medio ambiente como algo de seu e non como algo alleo, illado ou diferente de si mesmo. Os colectivos ambientais, como movemento social, somos quen de participar nos diferentes labores de conservación do medio ambiente, a través de labores de educación ambiental, orientación, voluntariado..., como xeito de canalización da iniciativa cidadá na implicación ambiental.

As propostas que elaboramos a partir destes principios constitúen unha "folla de ruta" con accións específicas que son, no seu conxunto, imprescindíbeis para acadar que a Administración Local mellore a calidade de vida da cidadanía e avance cara á sustentabilidade ambiental, social e económica. Con todo, de entre tódalas propostas posíbeis, quixemos destacar dez accións concretas que aquí e agora poden significar un punto de inflexión para que o noso país camiñe cara ao futuro dun xeito realmente sustentábel. Convidamos a tódolos partidos políticos que concorren a estas eleccións a sumárense a elas.

1.- Integrar enerxía, mobilidade e contaminación

Establecer como obxectivo da lexislatura a redución do 20% do consumo enerxético a través de políticas de aforro, eficiencia e xestión da demanda, aumentando a promoción das enerxías renovábeis e substituíndo sistemas nos lugares públicos, amais de incentivar a substitución no ámbito privado, fixando obxectivos concretos e verificábeis para cada tipo.

Declarar o territorio municipal como desnuclearizado.

Elaborar Planos de Mobilidade Sostíbel mancomunados ou integrados no desenvolvemento das áreas metropolitanas e comarcais, que faciliten o acceso ao transporte público e que fomenten a intermodalidade e o transporte non motorizado en zonas urbanas, limitando o uso do transporte privado.

Establecer mecanismos efectivos que supoñan unha maior esixencia para cumprir co deber municipal de garantir o dereito cidadán a un aire saudábel, mediante políticas activas de medición e control das emisións en transportes, calefaccións e procesos industriais.

2.- Protexer os espazos naturais, a flora e a fauna

Catalogar os espazos naturais locais ora ameazados, ora de interese ambiental ou paisaxístico, así como dos seus hábitats, flora e fauna, para preservalos, potenciando a súa incorporación en figuras de protección tanto locais coma supramunicipais. Así mesmo, promover e financiar os espazos da rede Natura 2000 mediante o fomento de proxectos específicos financiados con investimentos europeos.

Apoiar estes lugares con, por unha banda, proxectos produtivos que supoñan un uso tradicional que contribúa ao mantemento da biodiversidade, e pola outra con proxectos de lecer que axuden a valorar os mesmos (como rutas, actividades deportivas, voluntariado ambiental...).

Reverter superficies ao monte público ou comunal, naqueles casos nos que fose expropiado para dotación de servizos, naqueles casos que sexan áreas de interese natural ou solo rústico non edificábel.

Controlar as especies bioinvasoras, mediante a eliminación de especies agresivas nos xardíns, o control de plantacións ornamentais e forestais, o control de comercialización de especies foráneas e a recollida e canalización das especies introducidas.

Aplicar a Lei de protección dos animais domésticos e salvaxes, para garantir a súa dignidade e a reinserción dos animais abandonados.

3.- Implantar unha nova cultura da auga

Contribuír a garantir a dotación do servizo de auga potable universal á cidadanía sen poñer en perigo a conservación dos recursos hídricos así como das brañas e turbeiras, polo seu papel fundamental na regulación e preservación dos sistemas e concas fluviais. Tamén garantir o saneamento integral das augas residuais mediante a separación de pluviais (promovendo o uso destas para regos, loita contra incendios...), a creación de sistemas mixtos ou a depuración parcial a pequena escala, evitando a sobreesaturación das EDAR que reduce a súa efectividade.

Esixir o cumprimento da directiva de augas residuais que obriga aos núcleos de poboación de máis de 2000 habitantes a tratar as súas augas. Da mesma forma, esixir o cumprimento da lei de protección da calidade das augas das Rías de Galicia e de Ordenación do servizo público de depuración de augas residuais urbanas, que regula o tratamento de ditas augas. Verificar o cumprimento das normativas de depuración das augas residuais industriais.

Recuperar as áreas fluviais e litorais controlando a calidade das augas, inspeccionando as verteduras e penalizándoas segundo a lexislación vixente.

4.- Impulsar a contratación pública verde

Establecer políticas de compra pública ética, con obxectivos cuantitativos e prazos para a súa implantación, que fomenten os produtos e servizos ecoloxicamente sustentábeis e socialmente xustos, para facer da Administración Local un exemplo a seguir e un factor de promoción da produción de bens e servizos verdes (comercio xusto, ecolóxico, local, etc).

5.- Facer unha reforma verde do sistema fiscal

Aproveitar as competencias locais en materia fiscal para penalizar os comportamentos ambientais incorrectos e favorecer aqueles acordos coa sustentabilidade, a través da reforma dos tributos existentes (recollida do lixo para reducir o vertido, regulación do tráfico motorizado para gravar as emisións contaminantes...) e da introdución de novos tributos.

Os ingresos obtidos cos tributos ambientais destinaranse ao fomento da sustentabilidade.

6.- Ordenar o territorio de maneira sustentábel

Adquirir un compromiso municipal de cara a unha ordenación municipal sustentábel mediante a promoción da participación social no deseño e xestión urbanística, ademais da planificación e organización racional do territorio fronte á especulación.

Cómpre limitar os novos crecementos urbanísticos ás necesidades reais de vivenda para primeira residencia e de equipamentos públicos, evitar a artificialización de terras de interese agrario ou ecolóxico, apostar por cidades e vilas compactas (como garantía de dotación de servizos) fronte á dispersión e á fragmentación e antepor a rehabilitación e o uso das vivendas baleiras á construción de novas vivendas. As expansións urbanísticas en áreas urbanas serán sempre arredor dos cascos urbanos e non suporán máis dun 10% sobre a superficie urbana e a poboación actuais. É necesario protexer de forma permanente tódolos solos non urbanizados situados a 500 metros do mar ou a 100 metros dos ríos, así como impedir novos recheos no litoral.

Potenciar a construción reversíbel e eficiente dende un punto de vista ambiental, aplicando procedementos comúns, en particular aqueles que sirvan dunha forma máis eficaz para defender o territorio, como o uso de materiais de construción locais, deseños e materiais acordos coa contorna, a mimetización, etc.

7.- Reducir os residuos sólidos urbanos

Implantar políticas realmente comprometidas e ambiciosas co obxecto de frear o crecemento progresivo dos residuos, como o establecemento de instrumentos e medidas que incentiven a redución, a reutilización e a reciclaxe de residuos por esta orde.

Promoción da creación dun banco de electrodomésticos e dispositivos reutilizábeis que permita do mesmo xeito, a canalización segura dos inservíbeis para a reciclaxe.

Incentivar ás empresas e centros comerciais para a redución de envoltorios e plásticos. Promoción das bolsas reutilizábeis, as de papel e da cestería como alternativa. Promoción de servizos de recollida de residuos para reciclar e puntos limpos, en zonas residenciais, comerciais e industriais.

Apostar pola compostaxe como a solución máis viábel para a xestión da materia orgánica, implantando planos de compostaxe municipais que impliquen diferentes niveis (individual, colectiva, municipal e mancomunada), para acadar ao final da lexislatura unha participación do 40% da poboación nestes programas. Planificar a eliminación da incineración co establecemento do momento de incineración cero.

8.- Apoiar o sector primario e a soberanía alimentaria

Promover e incentivar aquelas actividades locais produtivas do sector primario que teñan un carácter sustentábel (sectores pesqueiro, forestal e agrogandeiro), para garantir a calidade de vida e a consolidación social no rural. Do mesmo modo, mediar nos conflitos entre intereses cruzados para afianzar a convivencia e a continuidade das actividades locais do sector primario (comunidades de montes, gandeiros e produtores agrícolas).

Declarar o "Concello Libre de Transxénicos" facendo as xestións oportunas para evitar o cultivo e consumo no seu territorio: habilitando espazos de información, formación, debate e investigación sobre esta temática e creando canles de comunicación e participación efectiva entre Administración e sociedade. Logo, promover que nos establecementos dependentes da Administración Local non se sirvan alimentos que conteñan Organismos Xeneticamente Modificados (OXM) ou derivados deles e poñer en marcha mecanismos que aseguren o acceso aos pensos sen transxénicos para alimentación animal, etc.

9.- Fomentar a cooperación ao desenvolvemento

Garantir unha política municipal de cooperación ao desenvolvemento orientada á consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM) sen estar condicionada por outros intereses políticos ou económicos, así como promover e cumprir o Pacto Galego contra a Pobreza asinado por tódolos partidos políticos con representación no Parlamento de Galicia o 16 de outubro de 2010.

10.- Afondar na participación cidadá e ambiental

Facilitar activamente a participación social e pública das organizacións ecoloxistas e resto de axentes sociais, e potenciar o seu papel como vehículos de participación e sensibilización. Abrir canles permanentes de participación social na política municipal (como os consellos municipais de medio ambiente), garantir a asistencia pública aos plenos, a difusión de actas, a información municipal, o acceso aos procedementos administrativos e posibilitar a participación cidadá no deseño orzamentario municipal.


Desenvolver un Plano de Educación Ambiental Municipal (que reflecta a pegada ecolóxica local), no que se poidan implicar as entidades ambientais e sociais, co obxectivo de consolidar as boas prácticas ambientais mediante a promoción da igualdade, a democracia e a calidade de vida nun clima de respecto social e ambiental.

ANEXO V

PROPOSTAS DA ASOCIACIÓN SEN PAPEIS DA CORUÑA "POR UNHA CORUÑA SEN FRONTEIRAS"

- Compromiso do concello en mostrar *tolerancia cero* ante os feitos de racismo e discriminación por motivos étnicos ou de nacionalidade.
- Facilitación do acceso a licencias para a venda ambulante. Facilitación do acceso a autorizacións para o traballo por conta propia.
- Acceso aos cursos de formación e capacitación laboral para persoas estranxeiras, con e sen papeis.
- Compromiso do concello en facilitar o acceso ás situacións de arraigo, mediante os informes municipais positivos.
- Cese do acoso policial ás persoas migrantes, con e sen papeis. Adhesión do concello á campaña "*Ciudades sin Fronteras*".
- Compromiso do concello de facilitar ao máximo os procesos de empadronamento para as persoas estranxeiras, con e sen papeis.
- Política pública vivenda: reserva cotas acceso vivenda pública para persoas estranxeiras, con e sen papeis. Acceso das persoas estranxeiras, con e sen papeis, a axudas para o acceso a vivenda.
- Compromiso do concello para o acceso das persoas estranxeiras, con e sen papeis, ao conxunto de axudas públicas municipais.
- Compromiso do concello de discutir co colectivo manteiro a mellor solución para o desenvolvemento da súa actividade (reserva lugares venda, libre circulación da venda polo conxunto da cidade, etc.).

esquerda unida



ANEXO VI PROPOSTA DA COORDINADORA DE TRABALLADORES/AS DE NORMALIZACIÓN DA LINGUA (CTNL)

A normalización lingüística é un proceso social que procura, ao abeiro da lexislación vixente, a xustiza no ámbito sociolingüístico, para que os galegos e as galegas poidamos manter a visión do mundo desde a óptica que só nos pode dar a lingua propia do noso territorio. É responsabilidade de todos e de todas contribuírmos deste xeito a manter a diversidade e a riqueza lingüística e cultural do mundo, para que poidamos chamarlles ás cousas cos nomes xenuínos que aquí se lles deron, e para que poidamos facelo con normalidade. Por iso, as administracións teñen a obriga legal e a responsabilidade social de apoiar e promover ese proceso e, así, deben implementar políticas lingüísticas activas, dinámicas e integradoras. Para desenvolveren e implementaren as súas políticas en calquera ámbito, os concellos dótanse de instrumentos técnicos. Así, para desenvolveren a política urbanística teñen departamentos de urbanismo; para desenvolveren as políticas culturais teñen departamentos de cultura; para desenvolveren as políticas sociais crean departamentos de servizos sociais... Pois ben, no ámbito da política lingüística eses departamentos técnicos son os servizos de normalización lingüística (SNL). Desde a Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL), instamos a todas as organizacións políticas a incluír no seu programa para as eleccións municipais de 2011, cando menos, o seguinte punto relativo á política lingüística desde o Concello da Coruña e complementario a outras propostas que se poidan ter para a normalización da lingua galega:

Promoción do uso e prestixio do galego en todas as accións do concello e en todos os ámbitos do municipio, para o que se potenciará e consolidará o Servizo de Normalización Lingüística (SNL) municipal, dotándoo de recursos humanos estábeis e partida orzamentaria suficiente.

